ORZAMENTOS 2026

INFORME DAS **DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS**

XUNTA DE GALICIA

orz4mentos5 2026

MEMORIA DOS ORZAMENTOS DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS DE GALICIA

Deputacións

Contido

I. PRESENTACIÓN 7

I.1. ORZAMENTOS DE 2025 DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS DE GALICIA 11

II. INGRESOS 15

II.1. PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DOS ORZAMENTOS PROVINCIAS. 17

II.2. VARIABLES DE INGRESOS EN RELACIÓN COA POBOACIÓN PROVINCIAL 29

II.3. EVOLUCIÓN DE INGRESOS DO PERÍODO 2015-2025 33

II.4. INTRODUCIÓN AOS ORZAMENTOS INDIVIDUAIS DE INGRESOS POR DEPUTACIÓN 40

II.4.1. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA 41

II.4.2. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO 43

II.4.3. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE 45

II.4.4. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 47

III. GASTOS 49

III.1. PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DOS ORZAMENTOS PROVINCIAS. 51

III.2. ESTRUTURA POR PROGRAMAS DOS ORZAMENTOS DE 2025 DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS 60

III.3. VARIABLES DE GASTOS EN RELACIÓN COA POBOACIÓN PROVINCIAL 66

III.4. EVOLUCIÓN DE GASTOS DO PERÍODO 2015-2025. 68

III.5. INTRODUCIÓN AOS ORZAMENTOS INDIVIDUAIS DE GASTOS POR DEPUTACIÓN 72

III.5.1. ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA 73

III.5.2. ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO 76

III.5.3. ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE 79

III.5.4. ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 82

IV. PRINCIPAIS INDICADORES EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL (METODOLOXÍA SEC 95-SEC 2010) 85

IV.1. PRINCIPAIS INDICADORES. TOTAL DEPUTACIÓNS 87

IV.2. PRINCIPAIS INDICADORES EN TERMOS DE

CONTABILIDADE NACIONAL DE CADA UN DOS ORZAMENTOS PROVINCIAIS ____ 88
IV.2.1. ORZAMENTO DEPUTACIÓN DA CORUÑA ____ 88
IV.2.2. ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE LUGO. ____ 89
IV.2.3. ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE OURENSE ____ 90
IV.2.4. ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA ____ 91

PRESENTACIÓN

I. PRESENTACIÓN

A presente Memoria reflicte os Orzamentos iniciais das catro deputacións de Galicia para o ano 2025, de acordo ao disposto na disposición adicional terceira do Estatuto de Autonomía de Galicia, que establece que os orzamentos das deputacións provinciais galegas uniranse aos da Xunta, dentro do marco xeral de coordinación coas administracións locais de Galicia.

Esta Memoria pretende, ser un instrumento máis de coñecemento da realidade das facendas locais, neste caso do ámbito provincial, e proporcionar unha descrición dos orzamentos sinxela e sintética.

A Memoria soamente recolle a través de táboas e gráficos as principais magnitudes orzamentarias, divididas en dúas partes: ingresos e gastos, incluíndo unha serie coa evolución de catro variables principais, como o total do orzamento, os ingresos tributarios, os gastos de persoal e as operacións de capital, ao longo dos dez últimos anos (2015-2025).

Tamén se describen as finalidades dos gastos segundo a estrutura de programas, destacando as principais áreas e políticas a nivel do conxunto das catro deputacións.

Engádese ao final os principais indicadores en termos de contabilidade nacional dos dous últimos anos.

1.1. ORZAMENTOS DE 2025 DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS DE GALICIA

Os orzamentos que se presentan neste documento son os aprobados como iniciais para o *ano 2025* das catro deputacións galegas, presentados aquí de xeito sistemático e conxunto, coa mesma metodoloxía das memorias das deputacións dos anteriores orzamentos.

Realizarase unha análise dos orzamentos de cada unha das catro deputacións provinciais, así coma do orzamento conxunto do ano 2025, que acompañan aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o mesmo exercicio. A fonte de información son os orzamentos das entidades analizadas, sendo esta Memoria unha breve presentación agregada dos datos contidos neles. Recoméndase, para calquera dúbida, consultar a documentación completa que figura publicada nas páxinas web de cada deputación provincial. Con motivo dos cambios lexislativos dos últimos anos no eido orzamentario, sintetízanse en primeiro lugar as normas que regulan as facendas locais e os seus orzamentos.

Lexislación aplicable:

- Lei Orgánica 4/2012, do 28 de setembro, pola que se modifica la Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria y Sustentabilidade Financeira.
- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sustentabilidade Financeira.
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.
- Lei 17/2012, do 27 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2013 (extracto para Corporacións locais: Título VII, DA 22ª, DA 70ª, DA 73ª, DA 74ª y DF 31ª)
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- R.D.L. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- R.D. 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos.

Os orzamentos preséntanse segundo o disposto na Orde 3565/2008 do 3 de decembro, que establece a estrutura dos orzamentos das entidades locais, modificada pola Orde 419/2014, do 14 de marzo.

No que respecta aos *ingresos*, atenderase ao ANEXO IV relativo á clasificación económica do ingreso, isto é, diferenciando entre as operacións correntes, as de capital e as financeiras, de acordo coa estrutura de capítulos, artigos, conceptos e subconceptos.

Con respecto aos *gastos*, os estados de gastos dos orzamentos das entidades locais clasificaranse cos seguintes criterios:

- Por programas (dentro da mesma os gastos clasifícanse por Área de gasto / política de gasto / grupo de programa / programa de gasto)
- Por categorías económicas (agrupando os créditos por capítulos separando as operacións correntes, as de capital e as financeiras)
- Opcionalmente, por unidades orgánicas (non se recolle este criterio nesta memoria)

A clasificación dos gastos especifícase nos anexos I ao III. No primeiro deles establécese a clasificación por programas, no segundo a táboa de equivalencias coa clasificación da normativa anterior (empregada nos orzamentos das EELL anteriores ao exercicio 2010) e finalmente, o anexo III refírese á clasificación económica dos gastos.

Nesta memoria soamente se presentan os gastos coas dúas clasificacións obrigatorias: por categorías *económicas* e *por programas*.

Os datos dos orzamentos están expresados en *euros correntes* de cada ano.

Para abordar a análise dos orzamentos das deputacións galegas procederase da seguinte maneira:

- Farase unha análise diferenciada dos ingresos e dos gastos (nos apartados II e III respectivamente)

- Para cada un dos compoñentes do orzamento (ingresos e gastos) realizarase unha primeira aproximación das características xerais dos orzamentos, tanto de cada deputación coma do agregado para toda Galicia; en segundo lugar, analizaranse as variables de ingresos en termos per cápita, observando as principais diferencias entre deputacións; en terceiro lugar realizarase unha análise da evolución dos ingresos e gastos dende o ano 2015 á actualidade; e finalmente, nun cuarto apartado, recolleranse os orzamentos de ingresos e gastos, respectivamente, para cada deputación

- Finalmente, no apartado IV da presente memoria, recóllense os principais indicadores en termos de contabilidade nacional, empregando a metodoloxía do sistema europeo de contas 2010 (SEC 2010) e tendo en conta a consolidación co sistema anterior de 1995 (SEC 1995).

Os orzamentos aquí reflectidos son os orzamentos xerais das deputacións. No caso do orzamento da deputación de Lugo refléxase o resultante da consolidación dos dous entes da deputación de Lugo, incluído o da propia entidade provincial, segundo o disposto no artigo 147.1.c da Lei 39/1988 e o artigo 12.b do RD 500/1990.

Para o análise por programas do apartado III.2 empréganse os orzamentos sen consolidar

Ao respecto, convén resaltar que dende o orzamento de 2015, producíronse importantes cambios, pola aplicación do principio de racionalización da administración e dos recursos públicos, coa simplificación da estrutura organizativa.

Neste informe os datos orzamentarios son os seguintes:

1. Deputación da Coruña. Orzamento: 240.500.000,00 €
2. Deputación de Lugo. Orzamento: 130.402.892,23 €
3. Deputación de Ourense. Orzamento:105.100.000,00 €
4. Deputación de Pontevedra. Orzamento: 209.876.081,00 €

INGRESOS

II. INGRESOS

II.1. PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DOS ORZAMENTOS PROVINCIAS.

O orzamento global das catro deputacións provinciais de Galicia para o ano 2025 presenta un ascenso interanual medio do 9,92%, pasando de 623,9 millóns de € no 2024 a case 686 millóns de € do orzamento de 2025, o que supón un incremento de case 62 millóns. A variación é significativa tendo en conta a variación do índice xeral de prezos de consumo en Galicia no último ano (variación anual do 2,9% de xaneiro do 2024 con respecto a xaneiro do ano 2025).

Por provincias, as catro presentan incremento nas cifras orzamentarias, sendo Lugo a que amosa un maior incremento cun 11,9%, síguelle Pontevedra con un 10,9%, Ourense con un 9,4% e A Coruña con un 8,3%.

Cadro 1. .Ingresos nos orzamentos das deputacións provinciais

	2024	2025
A Coruña	222.151.200	240.500.000
Lugo	116.498.927	130.402.892
Ourense	96.050.000	105.100.000
Pontevedra	189.283.429	209.876.081
Total	**623.983.556**	**685.878.973**

Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

,

No que respecta ao peso relativo de cada un dos orzamentos provinciais respecto do total, o orzamento coruñés segue a ser o de maior importe dos catro, representando o 35% do total, seguido do de Pontevedra co 31% do total das catro deputacións. Pola outra banda están os orzamentos das dúas provincias menos poboadas, Lugo e Ourense, onde os orzamentos das respectivas deputacións representan en 2025 o 19% e 15% respectivamente.

Gráfico 1. Ingresos nos orzamentos das deputacións provinciais



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Se temos en conta a variable poboacional, tomando os datos do Padrón municipal de habitantes (publicado polo IGE) coa poboación a 1 de xaneiro de 2025, habería que sinalar en primeiro lugar, un **aumento** de 7.176 persoas en Galicia con respecto os datos do 2024. Foi a provincia de Coruña onde se produciu o maior aumento na poboación en termos absolutos (cun aumento de 4.894 persoas).

A variable poboacional ademais reflicte que en termos per cápita, hai dous grupos claramente diferenciados, os de Lugo e Ourense, por unha banda, que son significativamente superiores á media de Galicia e aos das outras dúas deputacións.

Cadro 2.. Orzamentos Deputacións provinciais en termos per cápita

	2024	2025	Variación
A Coruña	197,74	213,1	**7,8%**
Lugo	359,61	401,4	**11,6%**
Ourense	315,38	345,1	**9,4%**
Pontevedra	200,46	222,0	**10,7%**
Galicia	**231,43**	**253,71**	**9,6%**

Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os importes en termos de euros per cápita referidos á poboación de cada ano presentan incrementos no conxunto e nas catro provincias. O incremento da media de Galicia é de 22,28 € por habitante máis que en 2024 (un 9,6% máis).

Máis adiante, no apartado de evolución de ingresos preséntase a traxectoria dos últimos nove anos tanto en valores absolutos como en termos de importes divididos pola poboación de cada ano.

Principais cambios respecto ao ano anterior nos orzamentos de ingresos

Destácanse aquí, a grandes trazos as variacións de maior importe e relevancia ao comparar o orzamento inicial dos anos 2024 e 2025.

- *OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS:*
  - O agregado de *ingresos tributarios* (capítulos I, II e III) representa no ano 2025 un 19,7% do total do orzamento e experimenta un incremento do 2,9% con respecto ao ano anterior. Este incremento foi posible, fundamentalmente pola subida dos ingresos derivados dos impostos directos e das taxas e outros ingresos, existindo unha leve diminución dos impostos indirectos. O *capítulo I* ***impostos directos***, no que se inclúen os recursos esixidos sen contraprestación, presenta unha taxa de incremento do 6,4%. É o primeiro recurso na estrutura de ingresos das catro deputacións (sen ter en conta as transferencias), xa que presenta unha porcentaxe do 8,1% sobre o total de ingresos (e un 41,1% dentro dos ingresos tributarios). Pontevedra foi a deputación que rexistrou un maior incremento interanual neste capitulo con un 12,7%. O *capítulo II* de Impostos indirectos experimentou no conxunto das catro deputacións unha diminución do 3,7%, con respecto ao ano anterior, diminuíndo en tódalas deputacións menos na de Lugo, na que aumentou nun 1,3%, mentres que o *capítulo III* Taxas e outros ingresos experimentou un aumento do 5,7%. Este aumento ven derivado do incremento do 11,2% de Ourense e do 10% na deputación de A Coruña.
  - No orzamento de 2025, como en anos anteriores, produciuse un incremento do *capítulo IV* de ***transferencias correntes*** que medran en case 60 millóns de euros para o total das catro deputacións, que representa un incremento porcentual do 12,6%. O peso porcentual deste capítulo é o de maior presenza dentro das operacións correntes (78,3 %), e representa na actualidade o 77,9% do total do orzamento. É dicir, case 78 euros de cada 100 dos orzamentos das corporacións provinciais galegas proceden directamente do Estado, sendo o Fondo Complementario de Financiamento a achega máis importante en todos os orzamentos das corporacións locais. Por provincias, o ***capítulo IV*** aumenta nos orzamentos das catro deputacións destacando a de Lugo onde se rexistra un maior incremento con un 19,6% con respecto o de 2024. O *capítulo V* de Ingresos patrimoniais experimentou un aumento do 12,5% derivado do importante aumento do 37,4% na deputación de Pontevedra.
  - O agregado de *operacións correntes* (capítulos I a V) aumentou un 10,6% con respecto ao exercicio anterior, e con 682 millóns de euros representan case a totalidade do orzamento de ingresos, cunha porcentaxe do 99,4% sobre o total. Este agregado aumenta en todas as deputacións,

ao comparalo co do ano anterior. Neste orzamento, a maior porcentaxe de incremento rexistrouse na deputación de Lugo con un 16,6%.

- Se temos en conta o agregado de *operacións de capital* (capítulos VI e VII) nestes orzamentos produciuse unha diminución de 3,3 millóns de euros, o que representa o 55,8% menos que no ano anterior, derivado da caída do 89,3% na deputación de Lugo, que fora na única na que non caeran no exercicio 2024, e que se viu compensada lixeiramente por incrementos nas outras tres deputacións. A diminución deste agregado explícase a través do capítulo ***transferencias de capital*** (capítulo VII) que, no conxunto de deputacións, rexistraron unha diminución interanual do 69,4% con respecto ao ano anterior. Esta diminución produciuse como consecuencia da diminución do 95% na deputación de Lugo, parcialmente compensada por incrementos no resto de deputacións.

- *OPERACIÓNS FINANCEIRAS:*
- No que respecta ás ***operacións financeiras***, ao igual que en anos anteriores, non hai consignación de capítulo IX (variación de pasivos financeiros). Con respecto o capítulo VIII (variación de activos financeiros) produciuse unha variación negativa do 1% do conxunto das deputacións en 2025 con respecto a 2024. Esta variación negativa procede na diminución no orzamento de Pontevedra (na que diminuíu un 4,6%). Non se produciron variacións nas cifras de A Coruña, Lugo e Ourense.

Cadro 3. Variacións anuais na estrutura de ingresos. Total da CA de Galicia 2024-2025



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Gráfico 2. Porcentaxe que representa cada capítulo de ingresos no orzamento agregado das catro deputacións.



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Principais características da estrutura de ingresos

A composición do orzamento das catro deputacións, presenta as seguintes liñas xerais:

- case a totalidade do orzamento son *operacións non financeiras* (99,8% do total).
- Dentro das non financeiras, son as *operacións correntes* as que representan a maioría dos ingresos, co 99,4% do total, sendo o capítulo IV de transferencias correntes o de maior volume dentro deste último agregado e supoñendo o 77,9% do total do orzamento. Os ingresos tributarios, capítulos I, II e III, representan o 19,7% do total, cun importe de 135,1 millóns de euros. Os ingresos patrimoniais do capítulo V só representan o 1,9% de peso porcentual na estrutura de ingresos das deputacións provinciais galegas.
- As operacións de capital (capítulos VI e VII) representan o 0,4%.
- con respecto as operacións financeiras (capítulos VIII e IX) representan soamente o 0,2%.

Gráfico 3. Ingresos totais por operacións. 2025



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Cadro 4.. .Estrutura de ingresos 2025

TOTAL DEPUTACIÓNS		
ORZAMENTO DE INGRESOS (€)	**IMPORTE**	**%**
Operacións non financeiras	684.668.973	99,8%
Operacións correntes	682.050.016	99,4%
Operacións de capital	2.618.957	0,4%
Operacións financeiras	1.210.000	0,2%
TOTAL	**685.878.973**	**100,0%**
INGRESOS TOTAL DEPUTACIÓNS		
Ingresos tributarios (I, II, III)	135.124.288	19,7%
Transf. correntes (IV)	534.096.706	77,9%
Ingresos patrimoniais (V)	12.829.022	1,9%
Operacións de capital (VI, VII)	2.618.957	0,4%
Operacións financeiras (VIII, IX)	1.210.000	0,2%
TOTAL	**685.878.973**	**100,0%**

Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

- en termos monetarios, podemos observar no que se traducen as porcentaxes anteriores, así coma a variación experimentada por cada un dos capítulos con respecto ao exercicio 2024.

Cadro 5.. Orzamento de ingresos do total das deputacións

CAPITULOS	2024		Increm. %	2025	
	IMPORTE	%	Interanual	IMPORTE	%
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS					
I. Impostos Directos	52.274.177	8,4%	6,4%	55.596.207	8,1%
II. Impostos Indirectos	42.410.955	6,8%	-3,7%	40.826.865	6,0%
III. Taxas e Outros ingresos	36.604.021	5,9%	5,7%	38.701.215	5,6%
Ingresos tributarios	***131.289.152***	*21,0%*	2,9%	***135.124.288***	***19,7%***
IV. Transferencias Correntes	474.136.577	76,0%	12,6%	534.096.706	77,9%
V. Ingresos Patrimoniais	11.403.904	1,8%	12,5%	12.829.022	1,9%
Operacións correntes	**616.829.633**	98,9%	10,6%	**682.050.016**	**99,4%**
VI. Alleamento Investimentos Reais	1.165.808	0,2%	-0,3%	1.162.500	0,2%
VII. Transferencias de Capital	4.765.715	0,8%	-69,4%	1.456.457	0,2%
Operacións de capital	**5.931.523**	1,0%	-55,8%	**2.618.957**	0,4%
Operacións non financeiras	**622.761.156**	99,8%	9,9%	**684.668.973**	**99,8%**
OPERACIÓNS FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	1.222.400	0,2%	-1,0%	1.210.000	0,2%
IX. Variación Pasivos Financeiros	0	0,0%		0	0,0%
Operacións financeiras	**1.222.400**	0,2%	-1,0%	**1.210.000**	0,2%
TOTAL INGRESOS	**623.983.556**	**100%**	**9,92%**	**685.878.973**	**100%**

Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

En resumo, son os Ingresos por operacións correntes a principal fonte de recursos dos orzamentos provinciais. O capítulo IV de ***transferencias correntes,*** supera as *tres cuartas partes do total dos recursos*, nas que a principal partida é a transferencia da Administración Xeral do Estado, en concepto de participación nos tributos do Estado, sendo o ***Fondo complementario de financiamento*** a partida máis cuantiosa. En segundo lugar, son os ingresos procedentes dos tributos provinciais e recargos doutros impostos (impostos e taxas e prezos públicos) os que achegan ás arcas provinciais *case a quinta parte do total de recursos* orzamentarios.

Gráfico 4 Ingresos totais da Comunidade Autónoma de Galicia. 2025



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

No que respecta á diferente composición do orzamento de ingresos de cada deputación, a grandes trazos presentan unha estrutura de ingresos moi similar á do conxunto.

Gráfico 5. Detalle da estrutura de ingresos 2025



	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Ingresos tributarios (I, II, III)	22,6%	15,5%	14,5%	21,6%
Transf. correntes (IV)	74,5%	82,6%	84,4%	75,5%
I. patrimoniais (V)	2,8%	1,2%	0,8%	1,7%
Op. de capital (VI, VII)	0,0%	0,4%	0,0%	1,0%
Op. financeiras (VIII, IX)	0,1%	0,2%	0,3%	0,1%

Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

O capítulo IV de transferencias correntes, oscila entre o 74,5% do total de ingresos no orzamento provincial de A Coruña e o 84,4% no de Ourense.

Os ingresos tributarios, que son a segunda das fontes de financiamento da facenda provincial, varía a súa proporción entre o 22,6 % que presentan este tipo de ingresos no orzamento coruñés e o 14,5% no de Ourense.

Os datos respecto ao total de operacións correntes non presenta case variacións entre uns orzamentos e outros dado a alta porcentaxe que representan nas catro deputacións, sendo a porcentaxe máis baixa a do orzamento de Pontevedra, co 98,9% e case o total de ingresos no de A Coruña co (99,9%).

Gráfico 6. Detalle da estrutura de ingresos de menor porcentaxe



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

No que se refire ás operacións de capital, investimentos reais (capítulo VI) e transferencias de capital (capítulo VII) o maior peso porcentual correspóndelle ao orzamento provincial de Pontevedra, no que estes ingresos se estima que alcancen o 1% do total de recursos.

A estrutura de ingresos das *corporacións provinciais galegas* presentan características similares aos orzamentos do resto de entidades locais. Debido ás diferentes figuras impositivas entre ambos tipos de entidades locais, pódense observar certas diferenzas na composición de ingresos dos orzamentos dos concellos de Galicia para o ano 2025, segundo os datos obtidos do Ministerio de Hacienda.

- As operacións correntes orixinan a maior parte dos seus recursos, así, nos concellos, supoñen o 90,7,% dos ingresos totais, porcentaxe inferior con respecto ás deputacións (onde supoñen o 99%). No orzamento consolidado das Entidades locais galegas a porcentaxe queda no 94%.
- Os recursos procedentes de ingresos de capital teñen maior presenza nos orzamento dos concellos, un 5,4% fronte a unha porcentaxe que ronda o 0% nas deputacións. O dato do orzamento consolidado das EELL queda no 2,6% de ingresos por transferencias de capital e alleamento de investimentos reais.
- O mesmo coas operacións financeiras, coas que estiman ingresar o 4% do total dos seus recursos nos orzamentos municipais mentres que nas deputacións a

porcentaxe ronda o 0%, reflectindo o orzamento consolidado o 3,4% de recursos procedentes de variacións de activos e pasivos financeiros.

Gráfico 7. Detalle da estrutura de ingresos orzamentos Entidades Locais de Galicia 2025



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

No gráfico seguinte visualízanse os ingresos tributarios e as transferencias correntes que son as compoñentes da estrutura de ingresos con maior presenza. É significativa a achega que no caso dos orzamentos provinciais teñen as transferencias correntes.

Gráfico 8 Ingresos tributarios e transferencias correntes das Entidades Locais de Galicia 2025



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ao comparar as estruturas orzamentarias (de concellos, deputacións e consolidado de entidades locais) a un maior nivel de desagregación, as diferenzas son máis acusadas:

- os *ingresos tributarios* para o conxunto de orzamentos dos concellos galegos representan a metade dos seus recursos, co 51% do total, fronte ao 20% das facendas provinciais. No orzamento consolidado das entidades locais o agregado de ingresos de natureza tributaria representa algo menos da metade dos recursos, cunha porcentaxe do 47%.
- Sen embargo as *transferencias correntes* teñen un peso menor nos orzamentos municipais, nos que o capítulo IV representa o 38% do total de ingresos, fronte ao 78% nos orzamentos das deputacións provinciais. No orzamento consolidado das entidades locais galegas a porcentaxe na estrutura de ingresos queda no 45%.

Outro apunte que pode resultar interesante estriba na comparativa da estrutura de ingresos das facendas provinciais galegas coa media nacional, obtido dos datos provisionais do Ministerio de Hacienda, do que se extraen as seguintes liñas principais:

Gráfico 9. Estrutura dos ingresos dos orzamentos das deputacións 2025



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

- os ingresos por operacións correntes son os de maior importancia dentro do total de ingresos en ambos casos, aínda que a importancia é menor en termos da media nacional
- os ingresos tributarios, teñen unha representación menor na estrutura de ingresos da facenda a nivel rexional, xa que representan o 19,8 % do total de ingresos (3,6 puntos porcentuais menos que en España). Con respecto as transferencias correntes estas teñen un peso máis elevado en Galicia (77,9% fronte o 65,2% do total nacional)
- no ámbito nacional e con respecto ás operacións de capital, case a totalidade son as transferencias para investimentos de capital (capítulo VII)
- no relativo aos dous capítulos que forman o agregado de operacións financeiras, dicir que ten un peso máis elevado en España (5,6% fronte o 0,2% en Galicia).

Nos datos de orzamentos das entidades locais a nivel nacional non se tiveron en conta os orzamentos do País Vasco pola diferente normativa fiscal.

II.2. VARIABLES DE INGRESOS EN RELACIÓN COA POBOACIÓN PROVINCIAL

Como resumo dos principais agregados de ingresos do orzamento inicial de 2025, expresados en termos de euros por habitante, sinálanse as seguintes características.

O **total de ingresos** consignados ascende a 253,71 euros por habitante, 22,28 euros máis con respecto ao dato de 2024, ocasionado polo incremento da cifra de ingresos. Como en anos anteriores os datos dos orzamentos das dúas provincias menos poboadas son maiores ca media de Galicia, superándoa amplamente, con 401,4 e 345,1 €/habitante respectivamente para Lugo e Ourense.

Gráfico 10. Total de ingresos. Euros por habitante



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Gráfico 11. Total de ingresos. Euros por habitante. Evolución



	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025
A Coruña	152,0	156,0	157,6	159,9	164,1	164,1	164,5	169,2	185,1	197,7	213,1
Lugo	249,4	249,0	251,5	251,5	267,1	279,8	281,8	309,3	341,4	359,6	401,4
Ourense	243,0	252,0	247,5	261,1	267,5	279,6	259,9	281,9	299,0	315,4	345,1
Pontevedra	157,0	161,0	161,8	166,6	167,8	170,4	177,8	186,5	192,6	200,5	222,0

Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Como se pode observar no cadro que acompaña ao gráfico 12, produciuse un aumento dos ingresos por habitante en todas as deputacións.

A composición dos ingresos en temos per cápita resúmese do seguinte xeito:

Na cifra de ***ingresos tributarios*** obsérvase que houbo un incremento con respecto ao ano anterior (de 3,8 millóns de euros para o total das deputacións en 2025 respecto a 2024). O dato de ingresos tributarios por habitante para o orzamento de Lugo é de 62,4 sendo superior a media de Galicia (que se sitúa en 50 euros), Ourense sitúase case na media con 49,9 €/ habitante e os de A Coruña e Pontevedra sitúense por debaixo da media con 48,1 e 48,0 respectivamente.

Como xa se viu, os ingresos de natureza tributaria teñen as porcentaxes máis elevadas nos orzamentos da Coruña (22,6%) e Pontevedra (21,6%). Mentres que nos restantes orzamentos provinciais, as porcentaxes son de 15,5% en Lugo e o 14,5% en Ourense.

Cadro 6.Variables e ratios económico-financeiras dos ingresos. 2025. Euros por habitante e porcentaxe

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Ingresos Totais (IT)	213,1	401,4	345,1	222,0	253,7
Ingresos Tributarios (I+II+III) % ITR / IT	48,1 22,6%	62,4 15,5%	49,9 14,5%	48,0 21,6%	50,0 19,7%
Transferencias Correntes (IV) % TC / IT	158,7 74,5%	331,7 82,6%	291,3 84,4%	167,7 75,5%	197,6 77,9%
Operacións Correntes (I ao V) % OC / IT	212,8 99,9%	398,8 99,4%	344,0 99,7%	219,5 98,9%	252,3 99,4%
Operacións de capital (VI+VII) % TDC / IT	0,0 0,0%	1,7 0,4%	0,1 0,0%	2,2 1,0%	1,0 0,4%
Operacións Financeiras (VIII+IX) % IF / IT	0,3 0,1%	0,9 0,2%	1,0 0,3%	0,3 0,1%	0,4 0,2%

Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Gráfico 12. Variables de ingresos. Euros por habitante



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

As ***transferencias correntes***, capítulo IV, que é o capítulo de maior importe, presenta unha cifra de 197,6 € por habitante para a media de Galicia, 21,67 euros máis ca en 2024. Igual que para o orzamento anterior, Lugo e Ourense son as provincias que presentan maior importe por habitante. Os datos das outras dúas provincias son notablemente menores, con 158,7 na Coruña e 167,7 en Pontevedra.

Lémbrese que este capítulo é o de maior presenza na composición dos ingresos das entidades provinciais, xa que máis das tres cuartas partes dos recursos das facendas provinciais de Galicia teñen a súa orixe nas transferencias correntes, nas que a partida máis importante é a participación nos tributos do Estado.

A suma das variables anteriores máis o capítulo de ingresos patrimoniais, conforman o agregado de **ingresos por operacións correntes**, que presentan unha cifra media de 252,3 €/habitante, 23,5 euros máis ca en 2024. Como xa é habitual e como consecuencia do dito ata agora, os orzamentos das dúas provinciais con menor poboación son as que presentan valores por encima da media, con 398,8 e 344 euros por habitante respectivamente de Lugo e Ourense. Os da Coruña e Pontevedra están en 212,8 e 219,5 respectivamente).

As ***operacións de capital***, capítulos VI e VII, é onde podemos apreciar máis diferencias entre as catro deputacións, sendo Pontevedra a deputación con maior importe, 2,2 €/habitante seguido de Lugo con 1,7€/habitante, estando ambas por encima da media de Galicia, que se sitúa en 1€ /habitante. En Ourense sería 0,1 e en A Coruña 0€ / habitantes.

Por último, as ***operacións financeiras*** (capítulos VIII e IX), presentan unha porcentaxe de 0,2 para a media de Galicia e o importe é de 0,4 euros por persoa, oscilando entre 1 euro por habitante en Ourense e 0,3 en A Coruña e Pontevedra.

II.3. EVOLUCIÓN DE INGRESOS DO PERÍODO 2015-2025

De seguido preséntase unha síntese da senda que reflicten os orzamentos iniciais das deputacións galegas nos últimos 11 anos, é dicir dende o ano 2015 ao ano 2025.

Obsérvase que dende o ano 2015, en termos xerais, os orzamentos provinciais experimentan unha traxectoria crecente e constante, para o total das catro deputacións, agás o lixeiro descenso do ano 2017.

Como se pode observar o ano 2025 acada a maior cifra orzamentaria, con case 686 millóns de euros, superior en 204,7 millóns á cifra do ano 2015 e case 62 millóns (un 9,92%) con respecto ao orzamento do ano anterior.

Gráfico 13. Evolución do orzamento de ingresos 2015-2025 para o total das deputacións.



Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por deputacións, tendo en conta os datos dende o 2015, o resultado da evolución ofrece os seguintes trazos: o orzamento lucense presenta taxas negativas en 2017 e 2018 e é o orzamento que presenta unha maior taxa de variación media interanual positiva no período considerado (4,5%). No orzamento de Ourense houbo unha taxa media de incremento anual do 3,1%, sendo negativa a taxa do ano 2017 e 2021. Os únicos orzamentos que tiveron crecementos todos os anos deste período foron os da Coruña e Pontevedra, cun resultado dunha taxa de crecemento medio interanual do 3,5% en A Coruña, pasando dos 171,3 millóns de 2015 aos 240,5 de 2025 e do 3,5% en Pontevedra, pasando dos 148,6 millóns en 2015 aos 209,9 millóns de 2025.

Cadro 7.. Total orzamento de ingresos 2015-2025 e incremento interanual medio

	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025	Inc. interanual medio
A Coruña	171,3	175,6	176,5	179,0	183,6	184,0	184,5	189,2	207,2	222,2	240,5	3,5%
Lugo	83,9	83,9	80,4	79,0	88,5	91,7	92,4	100,2	110,6	116,5	130,4	4,5%
Ourense	77,4	77,7	77,0	80,7	82,7	85,7	79,7	85,7	91,0	96,1	105,1	3,1%
Pontevedra	148,6	152,1	152,5	156,9	158,0	160,9	168,1	175,8	181,6	189,3	209,9	3,5%
Galicia	**481,2**	**489,3**	**486,5**	**495,6**	**512,7**	**522,4**	**524,7**	**550,9**	**590,4**	**624,0**	**685,9**	**3,6%**

Fonte: Consellería de Facenda.

Gráfico 14. Evolución do orzamento de ingresos 2015-2025 para o total das deputacións



Fonte: Consellería de Facenda.

Ao observar a evolución do total de ***ingresos por habitante***, compróbase que a tendencia de crecemento é similar á comentada para os valores absolutos. Para a media de Galicia pasouse de 176,2 euros por habitante en 2015 a 253,7 do ano 2025.

Gráfico 15. Evolución do orzamento de ingresos 2015-2025. Euros por habitante



Fonte: Consellería de Facenda.

Ao describir a traxectoria de cada un dos orzamentos provinciais en termos per cápita, o primeiro que se observa é a existencia de dous grupos, como no total de ingresos en termos absolutos, aínda que neste caso, os valores máis altos corresponden aos orzamentos das provincias menos poboadas, Lugo e Ourense.

Lugo amosa a cifra máis alta da serie con 401,4 euros por habitante en 2025, sendo tamén a que experimenta o maior crecemento, xa que partía dos 249,4 euros por habitante. En Ourense atopamos o segundo valor máis alto, con 345,1 euros por habitante en 2025.

Os resultados en Coruña e Pontevedra flutuaron entre 152 euros/habitante no ano 2015 en Coruña aos 213,1€ /habitante de 2025. En Pontevedra, no ano 2015 acádase un valor de 157 euros por habitante e no ano 2025 o valor ascende a 222 euros.

Gráfico 16 Ingresos por habitante 2015-2025.



	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025
A Coruña	152,0	156,0	157,6	159,9	164,1	164,1	164,5	169,2	185,1	197,7	213,1
Lugo	249,4	249,0	251,5	251,5	267,1	279,8	281,8	309,3	341,4	359,6	401,4
Ourense	243,0	252,0	247,5	261,1	267,5	279,6	259,9	281,9	299,0	315,4	345,1
Pontevedra	157,0	161,0	161,8	166,6	167,8	170,4	177,8	186,5	192,6	200,5	222,0

Fonte: Consellería de Facenda.

A evolución da cifra de ***ingresos tributarios*** (impostos directos, indirectos e máis as taxas, prezos públicos e outros ingresos) presentou un crecemento nos anos do período 2015-2025 lixeiramente inferior ca o do total de ingresos, presentando unha taxa de crecemento medio interanual do 2,7% para o total das catro deputacións.

A cifra media para o total de Galicia oscilou entre os 103,8 millóns de euros de 2015 aos 135,1 de 2025.

Gráfico 17. Evolución dos ingresos tributarios 2015-2025.



Fonte: Consellería de Facenda.

A porcentaxe que representan este tipo de ingresos de natureza tributaria respecto ao total (capítulos de impostos directos, indirectos e taxas e outros) mantense estable nos anos do período observado, representando o 21,6% do total de ingresos en 2015 e o 19,7% para o ano 2025, se ben, nestes dous últimos anos observase un lixeiro descenso, pasando do 21,58% acadado en 2023 o xa citado 19,7% para 2025.

Gráfico 18. Porcentaxe ingresos tributarios sobre o total de ingresos. Total de deputacións.



Fonte: Consellería de Facenda.

Gráfico 19. Evolución total de ingresos totais e ingresos tributarios.



Fonte: Consellería de Facenda.

As traxectorias da cifra de ingresos tributarios presentan diferencias entre uns orzamentos provinciais e outros, sendo o orzamento da Coruña no que se aprecia un maior crecemento, xa que pasou de ter 39 millóns de euros en 2015 a 54,2 en 2025, reflectindo unha taxa de incremento interanual media do 3,4%.

No orzamento de Lugo houbo un ascenso do agregado de ingresos tributarios do 2% de media anual. No cadro 8 podemos ver como nalgúns anos diminuíron os ingresos e noutros aumentaron. No ano 2025 produciuse un lixeiro ascenso pasando de 19,7 millóns en 2024 a 20,3 en 2025.

A cifra de ingresos tributarios consignada nos orzamentos iniciais da deputación de Ourense reflicte o menor incremento cunha taxa media do 1% oscilando entre 13,8 millóns en 2015 e 15,2 en 2025.

Finalmente en Pontevedra a traxectoria foi de crecemento (aínda que houbo pequenos descensos nos ingresos tributarios dos anos 2016, 2019 e 2022). O resultado da variación entre os anos extremos da serie foi dun crecemento interanual a unha taxa media do 2,8%.

Cadro 8. Ingresos tributarios 2015-2025 e incremento interanual medio

	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025	Inc. Interanual medio
A Coruña	39,0	41,0	40,0	41,9	44,4	43,6	43,6	48,2	53,1	53,3	54,2	3,4%
Lugo	16,7	16,1	11,7	12,3	15,3	15,5	15,3	18,9	18,7	19,7	20,3	2,0%
Ourense	13,8	14,1	13,1	13,1	14,2	14,1	13,5	13,7	14,5	14,7	15,2	1,0%
Pontevedra	34,3	34,0	35,3	36,3	36,2	37,0	39,9	39,8	41,1	43,6	45,4	2,8%
Galicia	**103,8**	**105,2**	**100,1**	**103,6**	**110,1**	**110,2**	**112,3**	**120,6**	**127,4**	**131,3**	**135,1**	**2,7%**

Fonte: Consellería de Facenda.

Gráfico 20. Ingresos tributarios 2015-2025 por provincias.



	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025
A Coruña	39,0	41,0	40,0	41,9	44,4	43,6	43,6	48,2	53,1	53,3	54,2
Lugo	16,7	16,1	11,7	12,3	15,3	15,5	15,3	18,9	18,7	19,7	20,3
Ourense	13,8	14,1	13,1	13,1	14,2	14,1	13,5	13,7	14,5	14,7	15,2
Pontevedra	34,3	34,0	35,3	36,3	36,2	37,0	39,9	39,8	41,1	43,6	45,4

Fonte: Consellería de Facenda.

Ao ter en conta o tamaño poboacional, obsérvase que no ano 2025 a cifra de ingresos tributarios por habitante sitúase en 50 euros (media para o total das catro deputacións).

En tódalas deputacións, a cifra para 2025 aumenta con respecto a 2024.

Destaca o orzamento lucense que con 62,4 euros por habitante supera a media das catro deputacións. Este incremento xa se rexistrou no ano 2022, 2023 e 2024, se ben neste último ano reduce lixeiramente o seu crecemento. Así mesmo é o orzamento que rexistra maiores variacións nesta cifra.

Ourense, A Coruña e Pontevedra teñen un valores similares, situándose en 49,9 €/habitante 48,1 €/habitante e 48 €/habitante respectivamente.

Gráfico 21. Ingreso tributario por habitante 2015-2025.



	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025
A Coruña	35,0	36,6	35,7	37,4	39,7	38,9	38,9	43,1	47,5	47,5	48,1
Lugo	52,0	47,9	35,0	37,2	46,2	47,3	46,5	58,3	57,8	60,7	62,4
Ourense	43,0	44,7	42,0	42,4	46,0	45,9	44,1	45,2	47,7	48,2	49,9
Pontevedra	36,0	36,0	37,4	38,5	38,4	39,2	42,2	42,3	43,6	46,2	48,0

Fonte: Consellería de Facenda.

II.4. INTRODUCIÓN AOS ORZAMENTOS INDIVIDUAIS DE INGRESOS POR DEPUTACIÓN

A continuación descríbense graficamente, de xeito individual, os orzamentos de ingresos de cada unha das deputacións provinciais, coa seguinte estrutura:

- En primeiro lugar, recóllese a estrutura básica dos ingresos, reflectindo a porcentaxe que amosa cada agregado ao total dos ingresos.
- En segundo lugar, figura unha táboa comprensiva do orzamento inicial 2025, e a comparación co orzamento do ano 2024. Así mesmo figura un gráfico coas diferentes porcentaxes de cada capítulo de ingresos nestes dous últimos anos.

II.4.1. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Gráfico 22. Orzamento de ingresos de A Coruña 2025.



Fonte: Consellería de Facenda.

Gráfico 23. Orzamento de ingresos de A Coruña Detalle 2025.



Fonte: Consellería de Facenda.

Cadro 9.. Orzamento de ingresos da deputación de A Coruña comparativa 2024-2025

CAPITULOS	2024 IMPORTE	2024 %	Increm. % Interanual	2025 IMPORTE	2025 %
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS					
I. Impostos Directos	*23.747.336*	11,2%	*3%*	*24.504.000*	10,2%
II. Impostos Indirectos	*17.437.937*	8,5%	*-6%*	*16.406.500*	6,8%
III. Taxas e Outros ingresos	*12.163.162*	5,9%	*10%*	*13.332.478*	5,5%
Ingresos tributarios	*53.348.434*	*25,6%*	*2%*	*54.242.978*	22,6%
IV. Transferencias Correntes	*161.733.758*	71,0%	*11%*	*179.086.322*	74,5%
V. Ingresos Patrimoniais	*6.713.700*	0,2%	*1%*	*6.813.700*	2,8%
Operacións correntes	***221.795.892***	96,8%	*8%*	***240.143.000***	99,9%
VI. Alleamento Investimentos Reais	*5.308*	0,0%	*32%*	*7.000*	0,0%
VII. Transferencias de Capital	*0*	3,0%			0,0%
Operacións de capital	*5.308*	3,0%	*32%*	*7.000*	0,0%
Operacións non financeiras	***221.801.200***	99,8%	*8%*	***240.150.000***	99,9%
		0,0%			0,0%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS		0,0%			0,0%
VIII. Variación Activos Financeiros	*350.000*	0,2%	*0%*	*350.000*	0,1%
IX. Variación Pasivos Financeiros		0,0%			0,0%
Total Operacións financeiras	*350.000*	0,2%	*0%*	*350.000*	0,1%
TOTAL INGRESOS	**222.151.200**	**100%**	**8%**	**240.500.000**	**100%**

Fonte: Consellería de Facenda.

Gráfico 24. Orzamento de ingresos de A Coruña en porcentaxe por capítulo. 2024-2025.



Fonte: Consellería de Facenda.

II.4.2. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO

Gráfico 25. Orzamento de ingresos de Lugo 2025.



Fonte: Consellería de Facenda.

Gráfico 26. Orzamento de ingresos de Lugo. Detalle. 2025.



Fonte: Consellería de Facenda.

Cadro 10.. Orzamento de ingresos da deputación de Lugo comparativa 2024-2025

CAPITULOS	2024 IMPORTE	2024 %	Increm. % Interanual	2025 IMPORTE	2025 %
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS					
I. Impostos Directos	*7.034.606,72*	6,2%	6,7%	*7.502.691,21*	5,8%
II. Impostos Indirectos	*5.559.994,52*	5,1%	1,3%	*5.631.208,29*	4,3%
III. Taxas e Outros ingresos	*7.081.305,23*	5,7%	0,7%	*7.130.553,36*	5,5%
Ingresos tributarios	*19.675.906,47*	*16,9%*	3,0%	*20.264.452,86*	*15,5%*
IV. Transferencias Correntes	*90.114.305,83*	81,5%	19,6%	*107.735.982,01*	82,6%
V. Ingresos Patrimoniais	*1.344.000,00*	0,1%	16,2%	*1.562.000,00*	1,2%
Operacións correntes	***111.134.212,30***	98,5%	16,6%	***129.562.434,87***	99,4%
VI. Alleamento Investimentos Reais	*300.000,00*	0,3%	0,0%	*300.000,00*	0,2%
VII. Transferencias de Capital	*4.764.714,52*	0,4%	-95,0%	*240.457,36*	0,2%
Operacións de capital	***5.064.714,52***	0,7%	-89,3%	***540.457,36***	0,4%
Operacións non financeiras	***116.198.926,82***	99,2%	12,0%	***130.102.892,23***	99,8%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	*300.000,00*	0,8%	0,0%	*300.000,00*	0,2%
IX. Variación Pasivos Financeiros	*0,00*			*0,00*	
Operacións financeiras	*300.000,00*	0,8%	0,0%	*300.000,00*	0,2%
TOTAL INGRESOS	**116.498.926,82**	**100%**	**11,9%**	**130.402.892,23**	**100%**

Fonte: Consellería de Facenda.

Gráfico 27. Orzamento de ingresos de Lugo en porcentaxe por capítulo. 2024-2025



Fonte: Consellería de Facenda.

II.4.3. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

Gráfico 28 Orzamento de ingresos de Ourense. 2025



Fonte: Consellería de Facenda.

Gráfico 29. Orzamento de ingresos de Ourense. Detalle. 2025



Fonte: Consellería de Facenda.

Cadro 11.. Orzamento de ingresos da deputación de Ourense comparativa 2024-2025

CAPITULOS	2024 IMPORTE	2024 %	Increm. % Interanual	2025 IMPORTE	2025 %
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS					
I. Impostos Directos	5.000.000	5,5%	0,2%	5.010.000	4,8%
II. Impostos Indirectos	4.762.000	5,0%	-1,2%	4.706.700	4,5%
III. Taxas e Outros ingresos	4.922.150	5,5%	11,2%	5.472.030	5,2%
Ingresos tributarios	*14.684.150*	*16,0%*	3,4%	*15.188.730*	*14,5%*
IV. Transferencias Correntes	*80.323.950*	83,2%	10,5%	*88.731.500*	84,4%
V. Ingresos Patrimoniais	*730.900*	0,2%	17,5%	*858.770*	0,8%
Operacións correntes	**95.739.000**	99,4%	9,4%	**104.779.000**	99,7%
VI. Alleamento Investimentos Reais	10.000	0,0%	-50,0%	5.000	0,0%
VII. Transferencias de Capital	1.000	0,3%	1500,0%	16.000	0,0%
Operacións de capital	**11.000**	0,3%	90,9%	**21.000**	0,0%
Operacións non financeiras	**95.750.000**	99,7%	9,5%	**104.800.000**	99,7%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	300.000	0,3%	0,0%	300.000	0,3%
IX. Variación Pasivos Financeiros	0	0,0%		0	0,0%
Operacións financeiras	**300.000**	0,3%	0,0%	**300.000**	0,3%
TOTAL INGRESOS	**96.050.000**	**100%**	**9,4%**	**105.100.000**	**100%**

Fonte: Consellería de Facenda.

Gráfico 30. Orzamento de ingresos de Ourense en porcentaxe por capítulo. 2024-2025



Fonte: Consellería de Facenda.

II.4.4. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Gráfico 31. Orzamento de ingresos de Pontevedra. 2025



Fonte: Consellería de Facenda.

Gráfico 32. Orzamento de ingresos de Pontevedra. Detalle. 2025.



Fonte: Consellería de Facenda.

Cadro 12.. Orzamento de ingresos da deputación de Pontevedra comparativa 2024-2025

CAPITULOS	2024 IMPORTE	2024 %	Increm. % Interanual	2025 IMPORTE	2025 %
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS					
I. Impostos Directos	*16.492.234*	7,7%	12,7%	*18.579.516*	8,9%
II. Impostos Indirectos	*14.651.024*	8,2%	-3,9%	*14.082.457*	6,7%
III. Taxas e Outros ingresos	*12.437.404*	6,7%	2,6%	*12.766.154*	6,1%
Ingresos tributarios	*43.580.662*	*22,6%*	4,2%	*45.428.127*	*21,6%*
IV. Transferencias Correntes	*141.964.563*	75,7%	11,7%	*158.542.902*	75,5%
V. Ingresos Patrimoniais	*2.615.304*	0,1%	37,4%	*3.594.552*	1,7%
Operacións correntes	**188.160.529**	98,4%	10,3%	**207.565.581**	98,9%
VI. Alleamento Investimentos Reais	850.500	0,6%	0,0%	850.500	0,4%
VII. Transferencias de Capital		0,8%	0,0%	1.200.000	0,6%
Operacións de capital	**850.500**	1,3%	141,1%	**2.050.500**	1,0%
Operacións non financeiras	**189.011.029**	99,7%	10,9%	**209.616.081**	99,9%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	272.400	0,3%	-4,6%	260.000	0,1%
IX. Variación Pasivos Financeiros	0	0,0%		0	0,0%
Total Operacións financeiras	**272.400**	0,3%	-4,6%	**260.000**	0,1%
TOTAL INGRESOS	**189.283.429**	**100%**	**10,9%**	**209.876.081**	**100%**

Fonte: Consellería de Facenda.

Gráfico 33. Orzamento de ingresos de Pontevedra en porcentaxe por capítulo. 2025.



Fonte: Consellería de Facenda.



GASTOS

III. GASTOS

III.1. PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DOS ORZAMENTOS PROVINCIAS.

O importe de gastos iguálase ao de ingresos ao presentarse os catro orzamentos equilibrados, cunha cifra de 685,9 millóns de euros e un incremento do 9,92% con respecto ao ano anterior.

Principais cambios respecto ao ano anterior nos orzamentos de gastos.

Como se dicía no apartado de ingresos, o total da cifra orzamentaria aumentou en 61,9 millóns respecto á cifra de 2024 para o orzamento das catro provincias.

Dentro das *operacións non financeiras*, e en concreto, referíndonos ás operacións correntes, todos os capítulos experimentan un aumento con respecto ao ano 2024, sendo os máis relevantes en termos relativos os incrementos nos capítulos III e V, se ben en termos absolutos son os incrementos máis baixos polo seu menor peso no total do orzamento. En conxunto, as operacións non financeiras aumentaron un 9,6% respecto aos orzamentos do ano anterior.

O ***capítulo I*** *incrementouse en 5,9 millóns de euros alcanzando 190 millóns de euros para as catro deputacións, cunha taxa de crecemento interanual do 3,2%.* Con este crecemento mantense como o primeiro destino dos orzamentos provinciais, cunha porcentaxe na estrutura de gastos do 27,7%.

O ***capítulo II*** incrementouse en 16,4 millóns de euros, ata chegar á cifra de 157,1 millóns de euros para as catro deputacións, cunha taxa interanual do 11,7%. Con este crecemento situase como o segundo destino dos orzamentos provinciais, cunha porcentaxe na estrutura de gastos do 22,9%.

Cadro 13.. Orzamento de gastos do total das deputacións 2024-2025

CAPITULOS	2024 IMPORTE	2024 %	Increm. % Interanual	2025 IMPORTE	2025 %
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS					
I. Gastos de Persoal	184.190.110	29,5%	3,2%	190.094.994	27,7%
II. Compra de Bens Corr. E Servicios	140.691.638	22,5%	11,7%	157.110.684	22,9%
Gastos funcionamento dos servizos	**324.881.747**	**52,1%**	**6,9%**	**347.205.678**	**50,6%**
III. Xuros	874.303	0,1%	51,5%	1.324.215	0,2%
IV. Transferencias Correntes	150.956.214	24,2%	8,8%	164.202.856	23,9%
V. Fondo continxencia e imprev	6.994.061	1,1%	33,2%	9.314.546	1,4%
Operacións Correntes	**483.706.326**	77,5%	7,9%	**522.047.295**	**76,1%**
VI. Investimentos Reais	57.474.363	9,2%	16,6%	67.013.976	9,8%
VII. Transferencias de Capital	79.786.232	12,8%	15,0%	91.752.889	13,4%
Operacións de capital	**137.260.595**	22,0%	15,7%	**158.766.865**	**23,1%**
Operacións non financeiras	**620.966.920**	99,5%	9,6%	**680.814.160**	**99,3%**
OPERACIÓNS FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	1.403.171	0,2%	0,0%	1.403.171	0,2%
IX. Variación Pasivos Financeiros	1.613.464	0,3%	126,9%	3.661.642	0,5%
Operacións financeiras	**3.016.635**	0,5%	67,9%	**5.064.813**	**0,7%**
TOTAL GASTOS	**623.983.556**	**100%**	**9,92%**	**685.878.973**	**100%**

Fonte: Consellería de Facenda.

O ***capítulo III, de xuros polos préstamos*** vixentes ou outro tipo de gastos financeiros, experimentou un aumento do 51,5%, se ben só supón un incremento de 449.912 euros, derivado do pouco peso que ten no total do orzamento (0,2%).

No ***capítulo IV*** prodúcese un incremento do 8,8%, o equivalente a 13,2 millóns de euros máis que en 2024.

No ***capítulo V*** produciuse un incremento do 33,2% con respecto o 2024, o que se traduce en 2,3 millóns de € máis.

O ***capítulo VI*** de investimentos reais incrementase nun 16,6% para o total das deputacións. En concreto 9,5 millóns de euros máis que en 2024.

O ***capítulo VII*** para o conxunto das catro deputacións incrementouse nun 15%, ou 11,9 millóns de euros.

Con respecto ás *operación financeiras,* o *capítulo VIII* de ***variación de activos financeiros*** presenta a mesma cifra que no ano 2024, mentres que o *capítulo IX* de ***variación de pasivos financeiros***, experimentou un incremento do 126,9% con respecto á cifra de 2024. Esta porcentaxe é a mais alta de todo o orzamento se ben, en termos absolutos representa 2 millóns de euros. Este incremento fixo que as operacións financeiras se incrementasen nun 67,9%. En termos de importancia sobre o orzamento total, o peso relativo pasa do 0,5% ao 0,7% en 2025.

Recapitulando todo o anterior, as variacións experimentadas en cada tipo de operacións recóllense a continuación no cadro 14.

Cadro 14.. Variacións anuais na estrutura de gastos. Total da CA de Galicia 2024-2025

Fonte: información agregada das deputacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Se temos en conta cada un dos capítulos e cada un dos períodos considerados (2024 e 2025) a representación gráfica seguinte amosa as principais diferencias entre períodos e permite comprobar a importancia en termos relativos de cada un deles con respecto ao orzamento total de gastos.

Gráfico 34. Estrutura dos capítulos de gasto. Todas as deputacións.



Fonte: Consellería de facenda.

Principais características da estrutura de gastos

Unha vez comentadas as variacións respecto do ano 2024, afondarase a continuación na composición dos orzamentos de gastos de 2025 e os principais destinos das cifras dos orzamentos provinciais.

Da análise da estrutura debe salientarse que:

- O 99,3% dos gastos o constitúen operacións non financeiras, cunha cifra de 680,8 millóns de €, cun incremento do 9,6% respecto a 2024.
- Os principais compoñentes, á súa vez son:
  - O 76,1% do total de gastos son operacións correntes (capítulos do I ao V), cun importe de 522 millóns de €, cifra que é maior á de 2024 nun 7,9%.
  - O 23,1% son operacións de capital (capítulos VI e VII), cunha cifra de 158,8 millóns de € (un 15,7% máis que no 2024).
- O 0,7% restante son gastos destinados a operacións financeiras, que experimentaron un incremento do 67,9%, derivado do incremento no capítulo IX Variación de Pasivos Financeiros

Gráfico 35. Estrutura dos capítulos de gasto. Todas as deputacións.



Fonte: Consellería de Facenda.

Gráfico 36. Estrutura dos capítulos de gasto. Todas as deputacións.



Fonte: Consellería de Facenda.

A estrutura de gastos de cada un dos orzamentos presenta diferenzas, entre as que se poderían salientar as seguintes:

Gráfico 37. Estrutura de gasto por tipo de operacións. 2025.



Fonte: información agregada procedente das deputacións.

O orzamento de A Coruña é o que presenta a maior porcentaxe de **operacións non financeiras**, mentres en Lugo as operacións financeiras (capítulos VIII e IX) son as de maior porcentaxe das catro, co 1,4%.

Os gastos destinados ao financiamento de **operacións correntes** presenta unha porcentaxe do 76,1% para o total dos catro orzamentos, e neste caso destaca a máis

alta porcentaxe no orzamento de Ourense, no que o 83,4% dos gastos van destinados a gastos de natureza corrente. En A Coruña a porcentaxe é do 79,1%, en Lugo do 72,5% e, finalmente, a menor porcentaxe rexístrase en Pontevedra co 71,3%.

Gráfico 38. Estrutura de gasto. Detalle. 2025.



Fonte: información agregada procedente das deputacións.

No que se refire aos Gastos de funcionamento dos servizos (capítulos I e II), presentan diferenzas significativas na comparativa entre os catro orzamentos, xa que en Ourense a porcentaxe ascende ata o 62,3% mentres que no orzamento da Coruña a porcentaxe é do 43,8%, é dicir 6,8 puntos por debaixo da media (50,6%); un ano máis é o que presenta a menor porcentaxe do orzamento destinado ao pagamento de gastos de persoal e de bens correntes e servizos.

As transferencias correntes, que para a media de Galicia representan o 23,9% e que tiveron un crecemento interanual do 8,8%, teñen no orzamento de Lugo o seu menor importe con 17,8 millóns e tamén o menor peso relativo xa que representan o 13,6% do orzamento. Nas outras deputacións a porcentaxe varía entre o 20,7% de Ourense o 33,2% da Coruña.

Ao igual que no apartado de ingresos, engadimos uns apuntamentos sobre a composición de gastos das facendas provinciais galegas en comparación coas facendas dos concellos galegos e coa media nacional de orzamentos de deputacións provinciais.

Gráfico 39. Estrutura de gasto. Entidades Locais. 2025.



Fonte: información agregada procedente das deputacións.

Na composición das facendas dos concellos os gastos destinados a operacións correntes teñen maior peso que nas facendas provinciais, xa que chegan ao 87% frente o 77%, mentres que os gastos destinados a operacións de capital (capítulos VI e VII, investimentos propios das corporacións e os que se realizan a través doutras entidades por transferencias) teñen un peso porcentual nos concellos (12%) inferior a porcentaxe das corporacións provinciais (22%).

As operacións financeiras supoñen un 2% nos orzamentos dos concellos e a cifra sitúase no 1% para as corporacións.

Gráfico 40. Estrutura de gasto. Entidades Locais. Detalle. 2025.



Fonte: información agregada procedente das deputacións.

Como continuación da maior porcentaxe dos gastos por operacións correntes, obsérvase que os gastos de funcionamento, capítulos I e II de pagamento de persoal e de compra de bens correntes e servizos, presentan maior peso nas facendas dos concellos, que representan o 80% do total de gastos, fronte ao 53% nas deputacións. O resto de variables na estrutura dos orzamentos dos concellos presentan porcentaxes menores.

Ao comparar a estrutura de gastos das deputacións galegas coa do resto de España, obsérvase que as proporcións nos orzamentos son moi similares. En Galicia os gastos correntes supoñen unha porcentaxe do 77% mentres que en España sitúanse no 73,6%. A maior diferenza na proporción sobre o total obsérvase nas operacións financeiras, con maior porcentaxe no ámbito nacional.

Gráfico 41. Orzamento deputacións. 2025.



Fonte: información agregada procedente das deputacións.

Tendo en conta os compoñentes desagregados podemos observar as seguintes diferenzas nas proporcións que cada un deles representa en cada ámbito considerado:

Gráfico 42. Estrutura orzamento deputacións. Detalle. 2025.



Fonte: información agregada procedente das deputacións.

III.2. ESTRUTURA POR PROGRAMAS DOS ORZAMENTOS DE 2025 DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS

Como se comentou ao inicio desta memoria, a clasificación por programas é obrigatoria e recolle a finalidade e obxectivos á que atenden os gastos. Clasifícanse por áreas de gasto (con seis áreas), políticas de gasto, grupos de programas e programas. Nesta memoria descríbese ao nivel de áreas de gasto.

A continuación, podemos observar cal é o peso relativo de cada área de gasto dentro dos orzamentos, sen consolidar, do conxunto das catro deputacións.

Gráfico 43. Orzamento total por áreas de gasto. 2025.



Fonte: información agregada procedente das deputacións.

A área de gasto que absorbe unha maior consignación no orzamento inicial de 2025 para o conxunto das catro deputacións, é a 9 destinada a "Actuacións de carácter xeral", que como nos anos anteriores, constitúe a principal finalidade dos gastos. Esta área de gasto absorbe o 36,6% do total dos orzamentos das catro deputacións no que atinxe a súa estrutura por programas. Esta porcentaxe é inferior en 1,3 puntos á porcentaxe que tivo o ano pasado.

Nesta área de gasto 9 inclúense os gastos relativos ás actividades da entidade local provincial consistentes no exercicio de funcións de goberno ou de apoio administrativo, de soporte lóxico e técnico a toda a organización, xunto as de transferencias a outras administracións e institucións públicas.

Cadro 15.. Orzamento 2025 Clasificación por programas de gasto

Área	Política de gasto	TOTAL DEPUTACIÓNS
1 SERVIZOS PÚBLICOS BÁSICOS		42.027.811
	13 Seguridade e mobilidade cidadá	11.444.103
	15 Vivenda e urbanismo	2.413.780
	16 Benestar comunitario	19.194.362
	17 Medio ambiente	8.975.567
2 ACTUACIONES DE PROTECCIÓN Y PROMOCIÓN SOCIAL.		109.290.723
	21 Pensións	11.551.202
	22 Outras prestacións económicas a favor de empregados	3.764.906
	23 Servizos Sociais e promoción social	71.439.477
	24 Fomento do Emprego	22.535.138
3 PRODUCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE		97.828.992
	31 Sanidade	1.020.975
	32 Educación	13.043.319
	33 Cultura	52.629.449
	34 Deporte	31.135.249
4 ACTUACIÓNS DE CARÁCTER ECONÓMICO		178.074.467
	41 Agricultura, Gandeiría e Pesca	18.298.144
	42 Industria e enerxía	2.994.381
	43 Comercio, turismo e PEMES	14.464.744
	44 Transporte público	0
	45 Infraestruturas	135.366.360
	46 Investigación, desenvolvemento e innovación	129.500
	49 Outras actuacións de carácter económico	6.821.338
9 ACTUACIÓNS DE CARÁCTER XERAL		249.468.240
	91 Órganos de goberno	17.224.089
	92 Servizos de carácter xeral	85.790.142
	93 Administración financeira e tributaria	46.329.376
	94 Transferencias a outras Administracións Públicas	100.124.633
0 DÉBEDA PÚBLICA		4.786.656
	01 Débeda Pública	4.786.656
	TOTAL	**681.476.890**

Fonte: información agregada procedente das deputacións.

Como se pode observar no cadro, o importe da área 9 acende a 249,5 millóns de euros, que supón case 14 millóns máis que en 2024 (o que representa un 5,9% máis con respecto ao ano anterior). A política de gasto de maior importe é a 94 Transferencias a outras Administracións Públicas con 100,1 millóns de € e o 40% desta área de gasto. Dentro das actuacións de carácter xeral, séguelle a política 92 Servizos de carácter xeral, con 85,8 millóns de euros, o 34,3% desta área de gasto e o 12,6% do total de gastos das catro deputacións; a política de gasto 93 destinada á Administración financeira e tributaria é a seguinte partida en importancia e chega a representar o 6,8% do total de gastos. E

con 17,2 millóns está a política 91 Órganos de goberno, que representa o 2,5% do total do orzamento.

Para o conxunto dos catro orzamentos, a área 4, Actuacións de carácter económico, acada os 178,1 millóns de euros e o 26,1% sobre o total de gastos. Intégranse nesta área os gastos de actividades, servizos e transferencias que conducen a desenvolver o potencial dos distintos sectores da actividade económica. Tamén comprende os gastos en infraestruturas básicas e de transportes; infraestruturas agrarias; comunicacións; investigación, desenvolvemento e innovación.

A política de gasto 45, destinada ás infraestruturas, é a de maior importe do total de gastos do orzamento conxunto das catro deputacións. Neste ano alcanza un importe de 135,4 millóns de euros que implica que o 19,9% dos recursos da facendas provinciais están destinadas ao financiamentos das infraestruturas. É no orzamento coruñes onde se observa a maior porcentaxe desta área de gasto dentro do total do orzamento e no de Pontevedra o menor (con un 26,2% e 13,4% respectivamente).

A continuación, reflectindo o peso do sector primario na economía galega, está a política de gasto 41 "Agricultura, gandería e pesca" con 18,3 millóns de euros e o 2,7% sobre o total, tendo a maior presenza e importe nos orzamentos de Lugo e Pontevedra, cunha porcentaxe de 4,3 e 3,9 respectivamente.

As Actuacións de protección e promoción social, incluídas na área de gasto 2, , presentan unha cifra de 109,3 millóns que representa o 16% sobre o total. Inclúense nesta área todos aqueles gastos e transferencias que constitúen o réxime de previsión, as pensións de funcionarios, atencións de carácter benéfico-asistencial; atención a grupos con necesidades especiais, como mozos, maiores, persoas con discapacidade e terceira idade; tamén comprende as medidas de fomento do emprego. Neste orzamento de 2025, entre estas destaca a política de gasto dirixida aos servizos sociais e promoción social, con un 65,4% do importe da área e o 10,5% do total de gastos.

A área de gasto de Produción de bens públicos de carácter preferente, área 3, que contén todos os gastos relacionados coa sanidade, educación, cultura, tempo de lecer, deporte, e, en xeral, todos aqueles tendentes á elevación ou mellora da calidade de vida é a cuarta finalidade dos gastos para o conxunto das catro deputación. Presenta un importe de 97,8 millóns e unha porcentaxe do 14,4 sobre o total.

Dentro desta área, a política de gasto de maior orzamento é a dirixida á promoción da cultura, (33), que representa case o 54% da área de gasto e o 7,7% do total de gastos.

Nesta área de gasto son os orzamento de Pontevedra e Coruña os que acadan unha maior porcentaxe sobre o total do orzamento (9,11% e 7,8% respectivamente) e os de Lugo e Ourense os de menor porcentaxe (7% e 5,7%).

A área de gasto 1 Servizos públicos básicos, que comprende todos aqueles gastos orixinados polos servizos públicos básicos que, con carácter obrigatorio, deben prestar os concellos, ao abeiro do artigo 31.2 de la Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, atendendo á función das provincias de cooperación e asistencia aos concellos.

O importe total destinado a esta área é de 42 millóns que representan o 6,2% do total, un 16,2% máis que en 2024. A política de gasto de maior cuantia é a destinada ao Benestar, cun total de 19,2 millóns de euros (3,9 millóns máis que para o conxunto dos orzamentos de 2024) e representando un 2,8% do total do orzamento.

Nesta área de gasto, como en anos anteriores destaca a elevada porcentaxe do orzamento da deputación de Ourense que destina a ela o 16,3% do total.

Por último, a Débeda pública rompe neste ano a tendencia decrecente que viña experimentando en anos anteriores. Así, no orzamento de 2025 o importe é de 4,8 millóns de euros, cunha suba dun 109,3% respecto do ano anterior. Comprende os gastos de xuros, amortización da débeda pública e demais operacións financeiras e de natureza análoga, con exclusión dos gastos que ocasione a formalización das mesmas.

A dita suba derivase do incremento do orzamento nesta area na Deputación de Pontevedra en 2,8 millóns de euros. No orzamento coruñés, como en anos anteriores, non hai consignación de débeda pública, no de Lugo experimenta unha diminución do 14,5%, situándose en 1,8 millóns de euros e en Ourense mantense en 150.000€ como no orzamento anterior.

Se temos en conta graficamente cada unha das deputacións, podemos observar cal é o peso relativo de cada área de gasto, apreciando as diferencias comentadas anteriormente.

Gráfico 44. Estrutura de gastos por áreas de gasto



Fonte: información agregada das deputacións.

Cadro 16. Orzamento das deputacións por programas de gasto

2025 - Comparativa dos gastos Orzamentos das deputacións por programas de gasto (orzamentos sen consolidar)											
Área	**Política de gasto**	**A CORUÑA**	**%**	**LUGO**	**%**	**OURENSE**	**%**	**PONTEVEDRA**	**%**	**TOTAL**	**%**
1 SERVIZOS PÚBLICOS BÁSICOS		4.244.765	2%	9.817.231	8%	21.563.685	21%	6.402.130	3%	42.027.811	6%
	13 Seguridade e mobilidade cidadá	1.502.000	1%	3.837.862	3%	3.080.922	3%	3.023.318	1%	11.444.103	2%
	15 Vivenda e urbanismo	0	0%	2.159.596	2%	0	0%	254.184	0%	2.413.780	0%
	16 Benestar comunitario	512.000	0%	0	0%	17.087.231	16%	1.595.130	1%	19.194.362	3%
	17 Medio ambiente	2.230.765	1%	3.819.772	3%	1.395.532	1%	1.529.498	1%	8.975.567	1%
2 ACTUACIONES DE PROTECCIÓN Y PROMOCIÓN SOCIAL		62.203.026	26%	16.483.891	13%	4.111.861	4%	26.491.944	13%	109.290.723	16%
	21 Pensións	11.551.000	5%	0	0%	0	0%	202	0%	11.551.202	2%
	22 Outras prestacións económicas a favor de	1.761.235	1%	1.257.971	1%	1.000	0%	744.700	0%	3.764.906	1%
	23 Servizos Sociais e promoción social	32.552.041	14%	13.048.556	10%	2.928.000	3%	22.910.880	11%	71.439.477	10%
	24 Fomento do Emprego	16.338.750	7%	2.177.364	2%	1.182.861	1%	2.836.162	1%	22.535.138	3%
3 PRODUCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE		35.183.911	15%	18.661.359	15%	11.933.493	11%	32.050.229	15%	97.828.992	14%
	31 Sanidade	0	0%	0	0%	1.020.975	1%	0	0%	1.020.975	0%
	32 Educación	8.294.896	3%	3.126.187	2%	403.215	0%	1.219.021	1%	13.043.319	2%
	33 Cultura	18.773.916	8%	8.778.018	7%	5.966.138	6%	19.111.377	9%	52.629.449	8%
	34 Deporte	8.115.100	3%	6.757.153	5%	4.543.165	4%	11.719.831	6%	31.135.249	5%
4 ACTUACIÓNS DE CARÁCTER ECONÓMICO		79.310.077	33%	31.271.733	25%	26.667.960	25%	40.824.696	19%	178.074.467	26%
	41 Agricultura, Gandeiría e Pesca	4.025.500	2%	5.354.843	4%	757.912	1%	8.159.889	4%	18.298.144	3%
	42 Industria e enerxía	3.000	0%	0	0%	2.838.000	3%	153.381	0%	2.994.381	0%
	43 Comercio, turismo e PEMES	5.534.900	2%	4.117.999	3%	371.720	0%	4.440.125	2%	14.464.744	2%
	44 Transporte público	0	0%	0	0%	0	0%	0	0%	0	0%
	45 Infraestruturas	62.995.937	26%	21.603.793	17%	22.700.328	22%	28.066.301	13%	135.366.360	20%
	46 Investigación, desenvolvemento e	105.000	0%	19.500	0%	0	0%	5.000	0%	129.500	0%
	49 Outras actuacións de carácter económico	6.645.740	3%	175.598	0%	0	0%	0	0%	6.821.338	1%
9 ACTUACIÓNS DE CARÁCTER XERAL		59.558.220	25%	47.997.342	38%	40.673.001	39%	101.239.676	48%	249.468.240	37%
	91 Órganos de goberno	3.761.280	2%	3.954.966	3%	6.053.782	6%	3.454.060	2%	17.224.089	3%
	92 Servizos de carácter xeral	28.094.785	12%	21.528.408	17%	13.862.735	13%	22.304.213	11%	85.790.142	13%
	93 Administración financeira e tributaria	22.365.454	9%	5.341.926	4%	2.677.443	3%	15.944.553	8%	46.329.376	7%
	94 Transferencias a outras Administracións Públicas	5.336.701	2%	17.172.041	14%	18.079.040	17%	59.536.850	28%	100.124.633	15%
0 DÉBEDA PÚBLICA		0	0%	1.769.250	1%	150.000	0,14%	2.867.406	1%	4.786.656	1%
	01 Débeda Pública	0	0%	1.769.250	1%	150.000	0%	2.867.406	1%	4.786.656	1%
	TOTAL	**240.500.000**	**100%**	**126.000.806**	**100%**	**105.100.000**	**100%**	**209.876.081**	**100%**	**681.476.887**	**100%**

Fonte: información agregada das deputacións.

III.3. VARIABLES DE GASTOS EN RELACIÓN COA POBOACIÓN PROVINCIAL

A continuación analízanse os compoñentes de gasto dos orzamentos en termos per cápita.

A cifra de gastos de persoal (capítulo I) é de 70,3 €/habitante para a media de Galicia. Os valores resultantes nos orzamentos de Ourense (con 130,3 €) e Lugo (con 113,7 €), son superiores á media. A Coruña foi a que presentou a menor cifra de gastos de persoal por habitante, como ven sendo habitual nos últimos anos, con 52,7 €/habitante e en Pontevedra son 57,1 euros por habitante.

Gráfico 45. Variables de gastos (euros por habitante).



Fonte: información agregada das deputacións.

No relativo ao peso deste capítulo na composición dos gastos (recollido no cadro 17) , é importante salientar que presenta unha media do 27,7% en lixeiro descenso dende o ano 2023. Destaca a alta porcentaxe dos gastos de persoal na Deputación de Ourense cun 37,8%, que, se ben supón 2,3 puntos por debaixo da porcentaxe do orzamento do 2024 supera en algo máis de 13 puntos porcentuais a porcentaxe da Coruña e 12 puntos porcentuais a de Pontevedra, que son as de menor porcentaxe. Por outra banda a porcentaxe da provincia de Lugo e un pouco superior ao dato da media, con un 28,3%.

As cifras do total por operacións correntes (capítulos do I ao V, este último o capítulo do Fondo de continxencia) presentan unha tendencia similar aos gastos de persoal, xa que foron as cifras de Lugo e Ourense, as que superaron a media (193,1), que se sitúa nos 287,8 €/habitante en Ourense e 291,1 €/habitante en Lugo.

A porcentaxe para a media de Galicia destinada a este tipo de gastos é do 76,1%, sendo o orzamento de Ourense o que presenta porcentaxe máis alta cun 83,4%. Na Coruña a porcentaxe sitúase por encima da media cun 79,1% e, en Lugo e Pontevedra son inferiores a media cun 72,5% e 71,3% respectivamente.

Cadro 17.. Variables e ratios económico-financeiras. Galicia 2025. Euros por habitante e porcentaxe

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Gastos Totais	213,1	401,4	345,1	222,0	253,7
Gastos de Persoal (Cap I)	52,7	113,7	130	57,1	70,3
% GP/GT	24,7%	28,3%	37,8%	25,7%	27,7%
Operacións Correntes (I ao V)	168,6	291,1	287,8	158,2	193,1
%OC/GT	79,1%	72,5%	83,4%	71,3%	76,1%
Operacións de Capital (VI+VII)	44,1	104,8	56,2	61,2	58,7
% OC/GT	20,7%	26,1%	16,3%	27,6%	23,1%
Operacións Financeiras (VIII+IX)	0,5	5,5	1,0	2,6	1,9
% OF/GT	0,2%	1,4%	0,3%	1,2%	0,7%

Fonte: información agregada das deputacións.

Polo que respecta ás operacións de capital (capítulos VI e VII) a deputación co orzamento maior das catro destinado a estes gastos divido pola súa poboación é Lugo, con 104,8 €/habitante. A media de Galicia reflicte que se destinarán case 59 euros por habitante aos investimentos reais e transferencias de capital, sendo o valor de Coruña o máis baixo con 44,1 euros por habitante.

No que atinxe ao peso relativo na estrutura de gastos deste agregado de investimentos e transferencias de capital, volve a ser Pontevedra no que se observa unha maior proporción do seu orzamento destinado aos capítulos VI e VII, seguido polos orzamentos lucense e coruñés.

Por último, as operacións financeiras (capítulos VIII e IX), pasan de 1,1 euros por habitante en 2024 a 1,9 en 2025 para a media de Galicia. Neste agregado de gastos financeiros obsérvase unha gran variabilidade, figurando o maior dato en Lugo, con 5,5 euros por habitante, seguido de Pontevedra con 2,6 euros por habitante. En Ourense e Coruña a cifra é mais baixa que a media, sendo de 1 e 0,5 euros habitante respectivamente. As porcentaxes sitúan a Lugo e Pontevedra por encima da media, co 1,4% e 1,2% respectivamente, e por debaixo da media Ourense co 0,3% e A Coruña, co dato mais baixo, xa que soamente o 0,2% do seu orzamento son gastos financeiros.

III.4. EVOLUCIÓN DE GASTOS DO PERÍODO 2015-2025.

A continuación detallase a evolucións dos agregados máis importantes dentro das variables de gastos: os gastos de persoal (recollidos no capítulo I, e sendo os de maior peso relativo dentro das operacións correntes) e os gastos por operacións de capital (que engloba os capítulos VI e VII).

No período de análise considerado, o capítulo I de gastos de persoal presenta unha traxectoria ascendente dende 2015, descendendo no ano 2017 para seguir medrando ata acadar no último ano os 190,1 millóns de euros, o que supón un crecemento interanual medio que se mantén no 3,9% dende 2015.

Gráfico 46. Variables de gastos de persoal período 2015-2025. Millóns de euros.



Fonte: información agregada das deputacións.

Cadro 18.. Gastos de persoal 2015-2025. Millóns de euros

	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025	Inc. interanual medio
A Coruña	38,4	39,8	39,3	41,4	44,1	49,4	49,6	52,1	55,2	57,8	59,5	4,5%
Lugo	23,3	24,7	24,0	24,8	27,3	33,1	33,3	34,0	35,2	35,8	36,9	4,7%
Ourense	27,7	30,1	29,9	31,8	32,2	35,1	32,9	33,6	35,3	38,5	39,7	3,7%
Pontevedra	40,8	43,1	43,5	44,6	44,8	47,0	49,3	48,5	50,4	52,2	54,0	2,8%
Galicia	**130,2**	**137,7**	**136,8**	**142,6**	**148,4**	**164,7**	**165,2**	**168,2**	**176,1**	**184,2**	**190,1**	3,9%

Fonte: información agregada das deputacións.

No conxunto das catro deputacións o peso relativo dos gastos de persoal sobre o total dos gastos está en descenso dende o ano 2021 pasando do 31,5% nese ano ata o 27,7% en 2025.

Gráfico 47 Gastos de persoal. Peso sobre o total de gastos. 2015-2025.



Fonte: información agregada das deputacións.

En termos de gastos de persoal por habitante, as deputacións de Lugo e Ourense presentan un nivel superior á media de 70,3€ por habitante de 2025, mentres que as de Pontevedra e A Coruña están por debaixo en todos os anos do período.

Gráfico 48. Gastos de persoal por habitante 2015-2025.



	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025
A Coruña	33,7	34,0	35,5	35,1	37,0	39,4	44,2	46,6	49,3	51,4	52,7
Lugo	68,2	68,8	73,3	72,1	74,9	82,8	101,6	104,9	108,8	110,4	113,7
Ourense	88,2	87,0	95,7	96,1	102,9	104,6	107,4	110,5	116,0	126,4	130,3
Pontevedra	42,4	43,0	45,7	46,1	47,4	47,5	52,2	51,4	53,5	55,3	57,1
Galicia	48,2	49,0	50,7	50,5	52,8	55,0	61,1	62,5	65,5	68,3	70,3

Fonte: información agregada das deputacións.

A evolución das operacións de capital, presenta, neste orzamento, un lixeiro incremento, con unha cifra de 158,8 millóns de euros o que representa o 23,1% do total do presuposto.

Gráfico 49. Evolución operacións de capital período 2015-2025. Millóns de euros.



	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025
A Coruña	42,7	41,8	38,0	26,8	30,2	23,7	27,7	32,4	45,6	44,0	49,7
Lugo	22,5	28,3	20,9	19,0	20,1	19,4	16,4	19,1	24,4	27,8	34,0
Ourense	20,0	18,6	16,1	15,3	16,3	17,2	13,1	16,1	17,0	12,5	17,1
Pontevedra	34,1	40,7	42,4	44,6	45,8	47,1	52,5	58,2	58,5	53,0	57,9
Galicia	119,3	129,3	117,4	105,7	112,3	107,4	109,7	125,8	145,4	137,3	158,8

Fonte: información agregada das deputacións.

No período 2015-2025 o conxunto dos gastos de capital das deputacións mostra unha taxa media interanual do 2,9%, sendo negativa no caso da deputación de Ourense (-1,5%), positiva pero por debaixo da media na de A Coruña (1,5%), maior da media en Lugo (4,2%), mentres que a de Pontevedra presenta unha taxa media interanual máis elevada (do 5,4%).

Cadro 19.. Operacións de capital. 2015-2025. Millóns de euros

	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025	Inc. interanual medio
A Coruña	42,7	41,8	38,0	26,8	30,2	23,7	27,7	32,4	45,6	44,0	49,7	1,5%
Lugo	22,5	28,3	20,9	19,0	20,1	19,4	16,4	19,1	24,4	27,8	34,0	4,2%
Ourense	20,0	18,6	16,1	15,3	16,3	17,2	13,1	16,1	17,0	12,5	17,1	-1,5%
Pontevedra	34,1	40,7	42,4	44,6	45,8	47,1	52,5	58,2	58,5	53,0	57,9	5,4%
Galicia	**119,3**	**129,3**	**117,4**	**105,7**	**112,3**	**107,4**	**109,7**	**125,8**	**145,4**	**137,3**	**158,8**	2,9%

Fonte: información agregada das deputacións.

En 2025 o volume das operacións de capital con respecto ao total do orzamento representa o 23,1%, o que significa 1,4 puntos menos que en 2015.

Gráfico 50. Operacións de capital. Peso sobre o total de gastos.



Fonte: información agregada das deputacións.

Os gastos de capital por habitante das deputacións aumentaron en 2025 en todas as deputacións. A Coruña e Ourense están por debaixo da media de Galicia, que se sitúa en 58,7 € / habitante, e Pontevedra e Lugo sitúanse por encima presentando este último un maior importe diferenciado.

Gráfico 51. Gastos de capital por habitante (euros por habitante).



	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025
A Coruña	34,0	35,5	35,1	37,0	39,4	44,1	24,7	28,9	40,8	39,2	44,1
Lugo	68,8	73,3	72,1	74,9	82,8	101,0	84,1	84,1	75,2	85,9	104,8
Ourense	87,0	95,7	96,1	102,9	104,6	111,2	42,8	53,1	55,7	40,9	56,2
Pontevedra	43,0	45,7	46,1	47,4	47,5	49,8	55,6	61,7	62,0	56,1	61,2
Galicia	49,0	50,7	50,5	52,8	55,0	60,6	40,6	46,8	54,0	50,9	58,7

Fonte: información agregada das deputacións.

III.5. INTRODUCIÓN AOS ORZAMENTOS INDIVIDUAIS DE GASTOS POR DEPUTACIÓN

Como no apartado de ingresos, a continuación, descríbense graficamente, de xeito individual, os orzamentos de gastos de cada unha das deputacións provinciais das principais variables orzamentarias:

- En primeiro lugar, recóllese a estrutura básica dos gastos, reflectindo a porcentaxe que amosa cada agregado ao total dos gastos do orzamento.
- En segundo lugar, figura un cadro comprensivo do orzamento inicial 2025, e a comparación co orzamento do ano 2024. Así mesmo recóllese graficamente as diferentes porcentaxes de cada capítulo de gasto nestes dous últimos anos.

III.5.1. ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Gráfico 52. Orzamento de gastos da deputación de A Coruña 2025.



Fonte: Deputación de A Coruña.

Gráfico 53. Orzamento de gastos da deputación de A Coruña 2025. Detalle.



Fonte: Deputación de A Coruña.

Cadro 20.. Orzamento de gastos por capítulos. A Coruña 2024-2025.

CAPITULOS	2024 IMPORTE	2024 %	Increm. % Interanual	2025 IMPORTE	2025 %
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS					
I. Gastos de Persoal	57.756.829	24,0%	3,0%	59.485.577	24,7%
II. Compra de Bens Corr. e Servicios	42.783.768	17,8%	7,4%	45.933.462	19,1%
Gastos funcionamento dos servizos	100.540.597	41,8%	4,9%	105.419.039	43,8%
III. Xuros	75.000	0,0%	0,0%	75.000	0,0%
IV.Transferencias Correntes	72.543.597	30,2%	10,2%	79.929.536	33,2%
V. Fondo continxencia e imprev	4.440.000	1,8%	8,3%	4.810.000	2,0%
Operacións Correntes	**177.599.194**	**73,8%**	7,1%	**190.233.574**	**79,1%**
VI. Investimentos Reais	22.685.235	9,4%	1,2%	22.953.655	9,5%
VII. Transferencias de Capital	21.336.000	8,9%	25,5%	26.782.000	11,1%
Operacións de capital	**44.021.235**	**18,3%**	13,0%	**49.735.655**	**20,7%**
Operacións non financeiras	**221.620.429**	**92,1%**	8,3%	**239.969.229**	**99,8%**
OPERACIÓNS FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	530.771	0,2%	0,0%	530.771	0,2%
IX. Variación Pasivos Financeiros					
Operacións financeiras	**530.771**	**0,2%**	0,0%	**530.771**	**0,2%**
TOTAL GASTOS	**222.151.200**	**100%**	8,3%	**240.500.000**	**100%**

Fonte: Deputación de A Coruña.

Gráfico 54. Orzamento de gastos por capítulos en porcentaxe sobre o total. 2024-2025.



Fonte: Deputación de A Coruña.

Gráfico 55. Orzamento por áreas de gasto. 2025.



Fonte: Deputación de A Coruña.

III.5.2. ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO

Gráfico 56. Orzamento de gastos. Deputación de Lugo. 2025.



Fonte: Deputación de Lugo.

Gráfico 57. Orzamento de gastos. Deputación de Lugo. Detalle. 2025.



Fonte: Deputación de Lugo.

Cadro 21. Orzamento de gasto por capítulos. Lugo. 2024-2025.

CAPITULOS	2024 IMPORTE	2024 %	Increm. % Interanual	2025 IMPORTE	2025 %
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS					
I. Gastos de Persoal	35.755.316,66	30,7%	3,3%	36.936.103,66	28,3%
II. Compra de Bens Corr. e Servicios	33.616.476,24	28,9%	8,1%	36.325.438,01	27,9%
Gastos funcionamento dos servizos	**69.371.792,90**	**59,5%**	**5,6%**	**73.261.541,67**	**56,2%**
III. Xuros	499.300,00	0,4%	-37,8%	310.450,00	0,2%
IV. Transferencias Correntes	15.639.750,56	13,4%	13,8%	17.792.793,72	13,6%
V. Fondo continxencia e imprev	1.254.061,44	1,1%	155,5%	3.204.546,12	2,5%
Operacións Correntes	**86.764.904,90**	**74,5%**	9,0%	**94.569.331,51**	**72,5%**
VI. Investimentos Reais	16.566.845,21	14,2%	15,6%	19.144.827,98	14,7%
VII. Transferencias de Capital	11.253.712,34	9,7%	32,3%	14.888.732,74	11,4%
Operacións de capital	**27.820.557,55**	**23,9%**	22,3%	**34.033.560,72**	**26,1%**
Operacións non financeiras	**114.585.462,45**	**98,4%**	12,2%	**128.602.892,23**	**98,6%**
OPERACIÓNS FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	300.000,00	0,3%	0,0%	300.000,00	0,2%
IX. Variación Pasivos Financeiros	1.613.464,37	1,4%	-7,0%	1.500.000,00	1,2%
Operacións financeiras	**1.913.464,37**	**1,6%**	-5,9%	**1.800.000,00**	**1,4%**
TOTAL GASTOS	**116.498.926,82**	**100%**	11,9%	**130.402.892,23**	**100%**

Fonte: Deputación de Lugo.

Gráfico 58. Orzamento de gasto. Porcentaxe de cada capítulo. Lugo. 2024-2025.



Fonte: Deputación de Lugo.

Gráfico 59. Orzamento por áreas de gasto. Lugo 2025.



Fonte: Deputación de Lugo.

III.5.3. ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

Gráfico 60 Orzamento de gastos. Ourense.. 2025.



Fonte: Deputación de Ourense.

Gráfico 61. Orzamento de gastos Ourense. Detalle. 2025.



Fonte: Deputación de Ourense.

Cadro 22.. Orzamento de gastos por capítulos. Ourense. 2024-2025

CAPITULOS	2024 IMPORTE	2024 %	Increm. % Interanual	2025 IMPORTE	2025 %
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS					
I. Gastos de Persoal	38.500.000	40,1%	3,1%	39.679.000	37,8%
II. Compra de Bens Corr. e Servicios	23.286.065	24,2%	10,8%	25.798.371	24,5%
Gastos funcionamento dos servizos	**61.786.065**	**64,3%**	**6,0%**	**65.477.371**	62,3%
III. Intereses	150.000	0,2%	0,0%	150.000	0,1%
IV. Transferencias Correntes	21.055.621	21,9%	3,3%	21.746.708	20,7%
V. Fondo continxencia e imprev	300.000	0,3%	0,0%	300.000	0,3%
Operacións Correntes	**83.291.687**	**86,7%**	**5,3%**	**87.674.078**	**83,4%**
VI. Investimentos Reais	5.155.494	5,4%	91,8%	9.885.922	9,4%
VII. Transferencias de Capital	7.302.819	7,6%	-0,9%	7.240.000	6,9%
Operacións de capital	**12.458.313**	**13,0%**	37,5%	**17.125.922**	**16,3%**
Operacións non financeiras	**95.750.000**	**99,7%**	9,5%	**104.800.000**	**99,7%**
OPERACIÓNS FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	300.000	0,3%	0,0%	300.000	0,3%
IX. Variación Pasivos Financeiros		0,0%			0,0%
Operacións financeiras	**300.000**	**0,3%**	0,0%	**300.000**	**0,3%**
TOTAL GASTOS	**96.050.000**	**100%**	9,4%	**105.100.000**	**100%**

Fonte: Deputación de Ourense.

Gráfico 62. Orzamento de gasto. Porcentaxe de cada capítulo. Ourense. 2024-2025.



Fonte: Deputación de Ourense.

Gráfico 63. Orzamento de gastos por áreas de gasto. Ourense 2025.



Fonte: Deputación de Ourense.

III.5.4. ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Gráfico 64. Orzamento de gastos. Deputación de Pontevedra. 2025.



Fonte: Deputación de Pontevedra.

Gráfico 65. Orzamento de gastos. Deputación de Pontevedra. Detalle. 2025.



Fonte: Deputación de Pontevedra.

Cadro 23.. Orzamento de gasto por capítulos.. Pontevedra. 2024-2025

CAPITULOS	2024 IMPORTE	2024 %	Increm. % Interanual	2025 IMPORTE	2025 %
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS					
I. Gastos de Persoal	52.177.964	27,6%	3,5%	53.994.314	25,7%
II. Compras de Bens Corr. e Servicios	41.005.328	21,7%	19,6%	49.053.413	23,4%
Gastos funcionamento dos servizos	**93.183.292**	**49,2%**	**10,6%**	**103.047.727**	49,1%
III. Intereses	150.003	0,1%	425,8%	788.765	0,4%
IV. Transferencias Correntes	41.717.245	22,0%	7,2%	44.733.819	21,3%
V. Fondo continxencia e imprev	1.000.000	0,5%	0,0%	1.000.000	0,5%
Operacións Correntes	**136.050.540**	**71,9%**	9,9%	**149.570.311**	**71,3%**
VI. Investimentos Reais	13.066.789	6,9%	15,0%	15.029.572	7,2%
VII. Transferencias de Capital	39.893.700	21,1%	7,4%	42.842.156	20,4%
Operacións de capital	**52.960.489**	**28,0%**	9,3%	**57.871.728**	**27,6%**
Operacións non financeiras	**189.011.029**	**99,9%**	9,8%	**207.442.039**	**98,8%**
OPERACIÓNS FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	272.400	0,1%	0,0%	272.400	0,1%
IX. Variación Pasivos Financeiros		0,0%	#¡DIV/0!	2.161.642	1,0%
Operacións financeiras	**272.400**	**0,1%**	793,6%	**2.434.042**	**1,2%**
TOTAL GASTOS	**189.283.429**	**100%**	10,9%	**209.876.081**	**100%**

Fonte: Deputación de Pontevedra.

Gráfico 66. Orzamento de gasto. Porcentaxe de cada capítulo. Pontevedra. 2024-2025



Fonte: Deputación de Pontevedra.

Gráfico 67. Orzamento por áreas de gasto. Pontevedra. 2025.



Fonte: Deputación de Pontevedra.

orz4mentos 2026

PRINCIPAIS INDICADORES EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL (METODOLOXÍA SEC 95-SEC 2010)

Deputacións

IV. PRINCIPAIS INDICADORES EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL (METODOLOXÍA SEC 95-SEC 2010)

IV.1. PRINCIPAIS INDICADORES. TOTAL DEPUTACIÓNS

Cadro 24.. Principais indicadores. Total deputacións

TOTAL DEPUTACIÓNS PRINCIPAIS INDICADORES EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL (metodoloxía SEC 95 e SEC 2010)				
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	ORZAMENTO 2025	ORZAMENTO 2024	DIFERENCIA 2025-2024	TAXA VARIACIÓN
Capítulo I.- Impostos directos	55.596.207	52.274.177	3.322.031	6,4%
Capítulo II.- Impostos indirectos	40.826.865	42.410.955	-1.584.090	-3,7%
Capítulo III.- Taxas e outros ingresos	38.701.215	36.604.021	2.097.195	5,7%
Capítulo IV.- Transferencias correntes	534.096.706	474.136.577	59.960.129	12,6%
Capítulo V.- Ingresos patrimoniais	12.829.022	11.403.904	1.425.118	12,5%
Total Recursos Correntes (1)	**682.050.016**	**616.829.633**	**65.220.383**	***10,6%***
Capítulo I.-Gastos de persoal	190.094.994	184.190.110	5.904.885	3,2%
Capítulo II.-Gastos en bens correntes e servizos	157.110.684	140.691.638	16.419.046	11,7%
Capítulo III.-Xuros	1.324.215	874.303	449.912	51,5%
Capítulo IV.- Transferencias correntes	164.202.856	150.956.214	13.246.642	8,8%
Capítulo V.-Fondo de continxencia	9.314.546	6.994.061	2.320.485	33,2%
Total Empregos Correntes (2)	**522.047.295**	**483.706.326**	**38.340.970**	**7,9%**
AFORRO BRUTO (1-2)	**160.002.721**	**133.123.307**	**26.879.413**	**20,2%**
Capítulo III.- Gastos financeiros	**1.324.215**	**874.303**	449.912	51,5%
Saldo primario	**161.326.936**	**133.997.610**	**27.329.325**	**20,4%**
Capítulo VI.- Alleamento de investimentos reais	1.162.500	1.165.808	-3.308	-0,3%
Capítulo VII.- Transferencias de capital (ingresos)	1.456.457	4.765.715	-3.309.257	-69,4%
Ingresos Total Recursos de Capital (3)	**2.618.957**	**5.931.523**	**-3.312.565**	**-55,8%**
Capítulo VI.- Investimentos reais	67.013.976	57.474.363	9.539.613	16,6%
Capítulo VII.- Transferencias de capital	91.752.889	79.786.232	11.966.657	15,0%
Gastos Total Empregos de Capital (4)	**158.766.865**	**137.260.595**	**21.506.270**	**15,7%**
FORMACIÓN BRUTA DE CAPITAL (4-3)	**156.147.908**	**131.329.072**	**24.818.836**	**18,9%**
CAPACIDADE (+) OU NECESIDADE (-) DE FINACIAMENTO (1+3-2-4)	**3.854.813**	**1.794.235**	2.060.578	114,8%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	ORZAMENTO 2025	ORZAMENTO 2024	DIFERENCIA 2025-2024	TAXA VARIACIÓN
Capítulo VIII.- Activos financeiros	1.210.000	1.222.400	-12.400	-1,0%
Capítulo IX.- Pasivos financeiros	0	0	0	0,0%
Ingresos Total Recursos Financeiros (5)	**1.210.000**	**1.222.400**	**-12.400**	**-1,0%**
Capítulo VIII.- Activos financeiros	1.403.171	1.403.171	0	0,0%
Capítulo IX.- Pasivos financeiros	3.661.642	1.613.464	2.048.178	126,9%
GastosTotal Empregos Financeiros (6)	**5.064.813**	**3.016.635**	**2.048.178**	**67,9%**

Fonte: información agregada do total das deputacións.

O aforro bruto, diferenza entre os recursos e empregos correntes, ascende a 160 millóns de euros en 2025, un 20,2% superior ao do orzamento de 2024.

Por outro lado, a Formación bruta de capital ascende a 156,1 millóns, un 18,9% mais que en 2024.

Como consecuencia, o conxunto das deputacións presentan no orzamento de 2025 unha capacidade de financiamento de 3,8 millóns de euros, un 114,8% mais que en 2024, fundamentalmente como consecuencia do aumento dos Recursos Correntes.

IV.2. PRINCIPAIS INDICADORES EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL DE CADA UN DOS ORZAMENTOS PROVINCIAIS

IV.2.1. ORZAMENTO DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Cadro 25.. Principais indicadores. Deputación de A Coruña

ORZAMENTO DEPUTACIÓN A CORUÑA PRINCIPAIS INDICADORES EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL (metodoloxía SEC 95 e SEC 2010)				
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	ORZAMENTO 2025	ORZAMENTO 2024	DIFERENCIA 2025-2024	TAXA VARIACIÓN
Capítulo I.- Impostos directos	24.504.000	23.747.336	756.664	3%
Capítulo II.- Impostos indirectos	16.406.500	17.437.937	-1.031.437	-6%
Capítulo III.- Taxas e outros ingresos	13.332.478	12.163.162	1.169.316	10%
Capítulo IV.- Transferencias correntes	179.086.322	161.733.758	17.352.564	11%
Capítulo V.- Ingresos patrimoniais	6.813.700	6.713.700	100.000	1%
Total Recursos Correntes (1)	**240.143.000**	**635.493.180**	**-395.350.180**	**-62%**
Capítulo I.-Gastos de persoal	59.485.577	57.756.829	1.728.748	3%
Capítulo II.-Gastos en bens correntes e servizos	45.933.462	42.783.768	3.149.694	7%
Capítulo III.-Xuros	75.000	75.000	0	0%
Capítulo IV.- Transferencias correntes	79.929.536	72.543.597	7.385.939	10%
Capítulo V.-Fondo de continxencia	4.810.000	4.440.000	370.000	8%
Total Empregos Correntes (2)	**190.233.574**	**177.599.194**	**12.634.380**	**7%**
AFORRO BRUTO (1-2)	**49.909.426**	**457.893.986**	***-407.984.561***	**-89,1%**
Capítulo III.- Gastos financeiros	75.000	75.000	0	0,0%
Saldo primario	**49.984.426**	**457.968.986**	**-407.984.561**	**-89,1%**
Capítulo VI.- Alleamento de investimentos reais	7.000	5.308	1.692	31,9%
Capítulo VII.- Transferencias de capital (ingresos)	0	0	0	0,0%
Ingresos Total Recursos de Capital (3)	**7.000**	**5.308**	**1.692**	**31,9%**
Capítulo VI.- Investimentos reais	22.953.655	22.685.235	268.420	1,2%
Capítulo VII.- Transferencias de capital	26.782.000	21.336.000	5.446.000	25,5%
Gastos Total Empregos de Capital (4)	**49.735.655**	**44.021.235**	**5.714.420**	**13,0%**
FORMACIÓN BRUTA DE CAPITAL (4-3)	**49.728.655**	**44.015.927**	**5.712.728**	**13,0%**
CAPACIDADE (+) OU NECESIDADE (-) DE FINACIAMEN	180.771	413.878.059	-413.697.288	-100,0%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	ORZAMENTO 2025	ORZAMENTO 2024	DIFERENCIA 2025-2024	TAXA VARIACIÓN
Capítulo VIII.- Activos financeiros	350.000	350.000	0	0,0%
Capítulo IX.- Pasivos financeiros	0	0	0	0,0%
Ingresos Total Recursos Financeiros (5)	**350.000**	**350.000**	0	0,0%
Capítulo VIII.- Activos financeiros	530.771	530.771	0	0,0%
Capítulo IX.- Pasivos financeiros	0	0	0	0,0%
GastosTotal Empregos Financeiros (6)	**530.771**	**530.771**	0	0,0%

Fonte: Deputación de A Coruña.

IV.2.2. ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Cadro 26.. Principais indicadores. Deputación de Lugo

ORZAMENTO DEPUTACIÓN LUGO PRINCIPAIS INDICADORES EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL (metodoloxía SEC 95 e SEC 2010)				
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	ORZAMENTO 2025	ORZAMENTO 2024	DIFERENCIA 2025-2024	TAXA VARIACIÓN
Capítulo I.- Impostos directos	7.502.691	7.034.607	468.084	6,7%
Capítulo II.- Impostos indirectos	5.631.208	5.559.995	71.214	1,3%
Capítulo III.- Taxas e outros ingresos	7.130.553	7.081.305	49.248	0,7%
Capítulo IV.- Transferencias correntes	107.735.982	90.114.306	17.621.676	19,6%
Capítulo V.- Ingresos patrimoniais	1.562.000	1.344.000	218.000	16,2%
Total Recursos Correntes (1)	**129.562.435**	**111.134.212**	**18.428.223**	**16,6%**
Capítulo I.-Gastos de persoal	36.936.104	35.755.317	1.180.787	3,3%
Capítulo II.-Gastos en bens correntes e servizos	36.325.438	33.616.476	2.708.962	8,1%
Capítulo III.-Xuros	310.450	499.300	-188.850	-37,8%
Capítulo IV.- Transferencias correntes	17.792.794	15.639.751	2.153.043	13,8%
Capítulo V.-Fondo de continxencia	3.204.546	1.254.061	1.950.485	155,5%
Total Empregos Correntes (2)	**94.569.332**	**86.764.905**	**7.804.427**	**9,0%**
AFORRO BRUTO (1-2)	**34.993.103**	**24.369.307**	10.623.796	43,6%
Capítulo III.- Gastos financeiros	310.450	499.300	-188.850	-37,8%
Saldo primario	**35.303.553**	**24.868.607**	**10.434.946**	**42,0%**
Capítulo VI.- Alleamento de investimentos reais	300.000	300.000	0	0,0%
Capítulo VII.- Transferencias de capital (ingresos)	240.457	4.764.715	-4.524.257	-95,0%
Ingresos Total Recursos de Capital (3)	**540.457**	**5.064.715**	**-4.524.257**	**-89,3%**
Capítulo VI.- Investimentos reais	19.144.828	16.566.845	2.577.983	15,6%
Capítulo VII.- Transferencias de capital	14.888.733	11.253.712	3.635.020	32,3%
Gastos Total Empregos de Capital (4)	**34.033.561**	**27.820.558**	**6.213.003**	**22,3%**
FORMACIÓN BRUTA DE CAPITAL (4-3)	**33.493.103**	**22.755.843**	**10.737.260**	**47,2%**
CAPACIDADE (+) OU NECESIDADE (-) DE FINACIAMEN	**1.500.000**	**1.613.464**	-113.464	**-7,0%**
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	ORZAMENTO 2025	ORZAMENTO 2024	DIFERENCIA 2025-2024	TAXA VARIACIÓN
Capítulo VIII.- Activos financeiros	300.000	300.000	0	0,0%
Capítulo IX.- Pasivos financeiros	0	0	0	0,0%
Ingresos Total Recursos Financeiros (5)	**300.000**	**300.000**	**0**	**0,0%**
Capítulo VIII.- Activos financeiros	300.000	300.000	0	0,0%
Capítulo IX.- Pasivos financeiros	1.500.000	1.613.464	-113.464	-7,0%
GastosTotal Empregos Financeiros (6)	**1.800.000**	**1.913.464**	**-113.464**	**-5,9%**

Fonte: Deputación de Lugo.

IV.2.3. ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

Cadro 27. Principais indicadores. Deputación de Ourense

ORZAMENTO DEPUTACIÓN OURENSE PRINCIPAIS INDICADORES EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL (metodoloxía SEC 95 e SEC 2010)				
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	ORZAMENTO 2025	ORZAMENTO 2024	DIFERENCIA 2025-2024	TAXA VARIACIÓN
Capítulo I.- Impostos directos	5.010.000	5.000.000	10.000	0,2%
Capítulo II.- Impostos indirectos	4.706.700	4.762.000	-55.300	-1,2%
Capítulo III.- Taxas e outros ingresos	5.472.030	4.922.150	549.880	11,2%
Capítulo IV.- Transferencias correntes	88.731.500	80.323.950	8.407.550	10,5%
Capítulo V.- Ingresos patrimoniais	858.770	730.900	127.870	17,5%
Total Recursos Correntes (1)	**104.779.000**	**95.739.000**	**9.040.000**	**9,4%**
Capítulo I.-Gastos de persoal	39.679.000	38.500.000	1.179.000	3,1%
Capítulo II.-Gastos en bens correntes e servizos	25.798.371	23.286.065	2.512.305	10,8%
Capítulo III.-Xuros	150.000	150.000	0	0,0%
Capítulo IV.- Transferencias correntes	21.746.708	21.055.621	691.086	3,3%
Capítulo V.-Fondo de continxencia	300.000	300.000	0	0,0%
Total Empregos Correntes (2)	**87.674.078**	**83.291.687**	**4.382.391**	**5,3%**
AFORRO BRUTO (1-2)	**17.104.922**	**12.447.313**	**4.657.609**	**37,4%**
Capítulo III.- Gastos financeiros	150.000	150.000	0	0,0%
Saldo primario	**17.254.922**	**12.597.313**	**4.657.609**	**37,0%**
Capítulo VI.- Alleamento de investimentos reais	5.000	10.000	-5.000	-50,0%
Capítulo VII.- Transferencias de capital (ingresos)	16.000	1.000	15.000	1500,0%
Ingresos Total Recursos de Capital (3)	**21.000**	**11.000**	**10.000**	**90,9%**
Capítulo VI.- Investimentos reais	9.885.922	5.155.494	4.730.428	91,8%
Capítulo VII.- Transferencias de capital	7.240.000	7.302.819	-62.819	-0,9%
Gastos Total Empregos de Capital (4)	**17.125.922**	**12.458.313**	**4.667.609**	**37,5%**
FORMACIÓN BRUTA DE CAPITAL (4-3)	**17.104.922**	**12.447.313**	**4.657.609**	**37,4%**
CAPACIDADE (+) OU NECESIDADE (-) DE FINACIAMENTO (1+3-2-4)	**0**	**0**	**0**	**0,0%**
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	ORZAMENTO 2025	ORZAMENTO 2024	DIFERENCIA 2025-2024	TAXA VARIACIÓN
Capítulo VIII.- Activos financeiros	300.000	300.000	0	0,0%
Capítulo IX.- Pasivos financeiros	0	0	0	0,0%
Ingresos Total Recursos Financeiros (5)	**300.000**	**300.000**	**0**	**0,0%**
Capítulo VIII.- Activos financeiros	300.000	300.000	0	0,0%
Capítulo IX.- Pasivos financeiros	0	0	0	0,0%
GastosTotal Empregos Financeiros (6)	**300.000**	**300.000**	**0**	**0,0%**

Fonte: Deputación de Ourense.

IV.2.4. ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Cadro 28.. Principais indicadores. Deputación de Pontevedra

ORZAMENTO DEPUTACIÓN PONTEVEDRA PRINCIPAIS INDICADORES EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL (metodoloxía SEC 95 e SEC 2010)				
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	ORZAMENTO 2025	ORZAMENTO 2024	DIFERENCIA 2025-2024	TAXA VARIACIÓN
Capítulo I.- Impostos directos	18.579.516	16.492.234	2.087.282	12,7%
Capítulo II.- Impostos indirectos	14.082.457	14.651.024	-568.567	-3,9%
Capítulo III.- Taxas e outros ingresos	12.766.154	12.437.404	328.750	2,6%
Capítulo IV.- Transferencias correntes	158.542.902	141.964.563	16.578.339	11,7%
Capítulo V.- Ingresos patrimoniais	3.594.552	2.615.304	979.248	37,4%
Total Recursos Correntes (1)	**207.565.581**	**188.160.529**	**19.405.052**	**10,3%**
Capítulo I.-Gastos de persoal	53.994.314	52.177.964	1.816.350	3,5%
Capítulo II.-Gastos en bens correntes e servizos	49.053.413	41.005.328	8.048.085	19,6%
Capítulo III.-Xuros	788.765	150.003	638.762	425,8%
Capítulo IV.- Transferencias correntes	44.733.819	41.717.245	3.016.574	7,2%
Capítulo V.-Fondo de continxencia	1.000.000	1.000.000	0	0,0%
Total Empregos Correntes (2)	**149.570.311**	**136.050.540**	**13.519.771**	**9,9%**
AFORRO BRUTO (1-2)	**57.995.270**	**52.109.989**	**5.885.281**	**11,3%**
Capítulo III.- Gastos financeiros	788.765	150.003	638.762	425,8%
Saldo primario	58.784.035	52.259.992	6.524.043	12,5%
Capítulo VI.- Alleamento de investimentos reais	850.500	850.500	0	0,0%
Capítulo VII.- Transferencias de capital (ingresos)	1.200.000	0	1.200.000	
Ingresos Total Recursos de Capital (3)	**2.050.500**	**850.500**	**1.200.000**	**141,1%**
Capítulo VI.- Investimentos reais	15.029.572	13.066.789	1.962.783	15,0%
Capítulo VII.- Transferencias de capital	42.842.156	39.893.700	2.948.456	7,4%
Gastos Total Empregos de Capital (4)	**57.871.728**	**52.960.489**	**4.911.239**	**9,3%**
FORMACIÓN BRUTA DE CAPITAL (4-3)	**55.821.228**	**52.109.989**	**3.711.239**	**7,1%**
CAPACIDADE (+) OU NECESIDADE (-) DE FINACIAMEN	**2.174.042**	**0**	**2.174.042**	**100,0%**
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	ORZAMENTO 2025	ORZAMENTO 2024	DIFERENCIA 2025-2024	TAXA VARIACIÓN
Capítulo VIII.- Activos financeiros	260.000	272.400	-12.400	-4,6%
Capítulo IX.- Pasivos financeiros	0	0	0	0,0%
Ingresos Total Recursos Financeiros (5)	**260.000**	**272.400**	**-12.400**	**-4,6%**
Capítulo VIII.- Activos financeiros	272.400	272.400	0	0,0%
Capítulo IX.- Pasivos financeiros	2.161.642	0	2.161.642	100,0%
GastosTotal Empregos Financeiros (6)	**2.434.042**	**272.400**	**2.161.642**	**793,6%**

Fonte: Deputación de Pontevedra.